

# A Orde Militar de Alcántara na Galiza medieval

CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ\*

## Sumario

Neste artigo analízase o que significou a Orde Militar de Alcántara en Galicia: implantación, encomendas e membros, nos ss. XIII-XV.

## Abstract

This article analyses what the military order of Alcántara meant in Galicia: introduction, commands and members in XIII -XV centuries.

Nos últimos anos, teñen aparecido varios estudos sobre a Orde Militar de Alcántara, unha institución que, aínda que estreitamente vencellada co devir histórico da Extremadura leonesa, onde manifesta unha forte implantación, posuíu tamén encomendas dispersas por outros reinos do occidente peninsular. Nestes estudos, Galiza ocupa un lugar mínimo. Certo é que a implantación alcantarina na nosa terra é de pouca densidade; sen embargo, merece unha análise máis pomenorizada.

A historiografía galega vai, de vagar, enchendo ocos. Un deles era o dos dominios das ordes militares. Mercé ás investigacións de José Luís Martín Rodríguez, José Luís Novo Cazón ou Julio Vázquez Castro, coñecemos os dominios da Orde de Santiago; aos de Gonzalo Martínez Díez, José Ángel Rey Caiña e aos nosos, os do Temple; os da orde do Santo Sepulcro, tamén mercé ao estudo de Martínez Díez, e da orde de San Xoán foron aparecendo artigos da autoría de Otero Pedrayo, Arcas Pozo ou Carlos de Ayala. Pero da orde de Alcántara –e non digamos da de Calatrava, totalmente ausente- a penas dispomos de bibliografía. Logo do brevísimo e pioneiro artigo de Ramón Otero Pedrayo sobre a encomenda alcantarina galega da Batundeira, pero centrado na Idade Moderna, so no libro de Feliciano Novoa Portela se analiza, aínda que non exhaustivamente, a presenza da orde no territorio galego.

Non pretendemos, neste traballo, esgotar o tema alcantarino. Somos conscientes de que precisaría unha profunda disección dos documentos para coñecer máis polo miúdo o patrimonio da orde: tipos de propiedades (casas, leiras, montes, vilas...), os portádegos, os vasalos, etc., pero excedería os límites dun artigo. Cremos, sen embargo, que recollemos o fundamental e os lectores terán unha panorámica do que significou a orde de Alcántara no noso país.

## 1. A ORDE DE ALCÁNTARA

Xurdidas a imitación das ordes militares internacionais (Temple, Hospital e Sepulcro), na Península Ibérica, debido ás circunstancias da denominada Reconquista, irán aparecendo varias ordes que acadarán ser propietarias de amplos dominios territoriais. De

---

\*Carlos Pereira Martínez é funcionario do Concello de Culleredo (A Coruña), historiador e membro da Sociedade Española de Estudios Medievais.

ámbito galaico-leonés serán as ordes de Santiago e Alcántra, mentres que de influencia castelá aparecerá a de Calatrava, tuteladora da de Alcántara e da portuguesa de Avis.

O que logo se chamou orde de Alcántara naceu en 1156 como confraría de armas creada por varios cabaleiros de Salamanca, á fronte dos cales estaba Suero Fernández Barrientos, xunto co seu irmán Gómez Fernández Barrientos. Loitaron contra dos musulmáns na fortaleza de San Xulián de Pereiro, actualmente en territorio portugués. Co apoio previo de Fernando II, o 29 de decembro de 1177 o pontífice Alexandre III confirmouna como orde de cabalería, chamándose, ao principio, orde de San Xulián de Pereiro.

Adoptou posteriormente a regra do Císter. O papa Lucio III, en 1183, eximiu a da xurisdición dos diocesanos, poñéndoa baixo da custodia da santa se, obrigándose a orde á defensa da fe católica e á guerra perpetua contra dos musulmáns (outros autores din que a bula está datada o 4 de abril de 1193). Posteriormente os pontífices Inocencio III, o 17 de maio de 1205, e León III, en 1283, confirmaron os estatutos da orde. Vestían túnica de la branca moi longa e capa negra, que substituían por un manto branco nos actos da comunidade.

Dende 1213 tivo o seu domicilio en Alcántara, tomando o nome dese lugar co que os agasallara Afonso IX, logo de ter estado asentada alí, durante un lustro, a orde de Calatrava. Esta, que non podía atender debidamente o lugar, solicitou ao rei que lla entregase aos de Pereiro, rexidos á sazón polo mestre Diego Sánchez. Ambas ordes uníronse por esta razón, recoñecendo os de Alcántara como autoridade suprema ao mestre de Calatrava. Esta unión durou algún tempo, pero volveron separarse, aínda que Alcántara seguiu dependendo de Calatrava, sendo orde filial desta.

A traxectoria de Alcántara non estivo esenta de discordias internas. En 1318, cabaleiros e capeláns de Alcántara queixáronse ao mestre de Calatrava, García López de Padilla, dos malos tratos que lles dispensaba o mestre de Alcántara, Roi Velázquez. Padilla dirixiuse á vila de Alcántara, achando as portas pechadas, manifestándolle o mestre alcantarino que aquel asunto non lle incumbía; existían mecanismos internos para trasladar as queixas: o papa ou ao cabido xeral do Císter, non un mestre doutra orde. Padilla atacou a fortaleza, morrendo moitos cabaleiros nos combates. Un cabido xeral das ordes do Císter fíxose eco das queixas dos freires alcantarinos, depoñendo ao mestre e aos dignatarios, elixíndose outro novo mestre.

1335 foi outro ano de tremenda conflictividade interna, chegando a existir tres mestres, representando a outras tantas banderías. Ao ano seguinte, Afonso XI acada que o mestre Nuñez sexa recoñecido por todos.

A guerra dinástica entre Pedro I e Henrique II tamén dividiu á orde. Na minoridade de Xoán I a orde, gobernada polo mestre galego Xoán de Soutomaior, apoiouno, pero logo o mestre cambiou de bando; por esta razón, un cabido xeral da orde depúxo. En 1446 houbo outro grande conflito entre o mestre Gómez de Cáceres e o claveiro da orde, Alonso de Monroi. Este apoderouse de varios castelos e mesmo de Alcántara, e, en 1470, noutro episodio desta loita, morreu o mestre, sendo elixido como novo superior Monroi.

O seu mestrado tampouco estivo esento de conflictividade, chegando a estar prisioneiro en dúas ocasións. Renunciaría o mestrado en mans de Xoán de Zúñiga, que restableceu no seu vigor a orde, en 1479. Foi o derradeiro mestre, renunciando no rei Fernando o Católico en 1494.

Dentro dos feitos de armas destacaremos que o seu primeiro mestre, Suero, morreu en combate. O seu sucesor tomou parte na batalla de Argañán contra os portugueses en

dominios da orde, e na victoria contra os almohades en Ciudad Rodrigo. Acompañaron a Afonso VIII nas súas campañas na estremadura musulmana, chegando ata Algeciras. Máis tarde encargáronse da defensa de Trujillo, onde fundarían un convento. Afonso VIII deulle tamén a vila toledana de Roda, que logo pasaría a mans dos templarios, que a ocuparían ata a súa disolución en 1312.

En 1221 o mestre Nuño Fernández, con moitos homes, tomou Valencia de Alcántara. Participaron tamén nas tomas de Badajoz, etc.

## 2. MESTRES DA ORDE

<b>Suero Fernández Barrientos</b> , fundador da milicia de Pereiro (1156)	<b>Diego Gutiérrez de Zevallos</b> (1355)
<b>Gómez Fernández Barrientos</b> , primeiro mestre oficial. (1160)	<b>Suero Martínez</b> (1356)
<b>Benito Suárez</b> (1200)	<b>Gutiérre Gómez de Toledo</b> (1362)
<b>Nuño Fernández</b> (1217-1218)	<b>Martiño López de Córdoba</b> (1365)
<b>García Sánchez</b> (1219)	<b>Pedro Alonso de Soutomaio</b> (1367)
<b>Arias Pérez</b> (1223)	<b>Melén Suárez</b> (1369)
<b>Pedro Iáñez</b> (1234)	<b>Roi Díaz</b> (1371)
<b>García Fernández de Ambia</b> (1254)	<b>Diego Martínez</b> (1375)
<b>Fernán Páez</b> (1284)	<b>Diego Gómez Barroso</b> (1383)
<b>Fernán Pérez Galego</b> (1292)	<b>Gonzalo Núñez de Guzmán</b> (1384)
<b>Gonzalo Pérez Galego</b> (1298)	<b>Martiño Iáñez de Barbudo</b> (1385)
<b>Roi Vázquez</b> (1316)	<b>Fernán Rodríguez de Villalobos</b> (1394)
<b>Suero Pérez</b> (1318)	<b>Infante don Sancho</b> , fillo de Fernando de Antequera (1408)
<b>Roi Pérez</b> (1335. Renunciou ao cargo)	<b>Xoán de Soutomaio</b> (1416)
<b>Gonzalo Martínez de Oviedo</b> (1337)	<b>Gutierre de Soutomaio</b> (1432)
<b>Nuño Chamizo</b> (1340)	<b>Henrique IV</b> , con bula de Calixto III. Renunciou (1455)
<b>Pedro Afonso Pantoxa</b> (1343-1346)	<b>Gómez de Cáceres e Solís</b> (1458)
<b>Pedro Iáñez de Campo</b> (1345)	<b>Alonso de Monroi</b> (1472)
<b>Fernán Pérez Ponce de León</b> (1346)	<b>Xoán de Zúñiga</b> (1475)

## 3. A XERARQUÍA DA ORDE

### 3.1. O Mestre

O seu poder irá oscilando dende unha difusa autoridade inicial a un poder case absoluto na Baixa Idade Media. Formaba parte do Consello de Anciáns.

Ostenta a representación institucional da orde; ten as máximas responsabilidades no que respecta ás materias disciplinarias; controla as actividades económicas da orde; controla os aspectos militares e as fortalezas; hai con el unha relación de vasalaxe; susténtase cos ingresos da chamada Mesa Mestral.

### 3.2. O Comendador Maior

Segundo da xerarquía no ámbito militar, lugarteniente do mestre. En vacante do mestrado, tiña, xunto co prior, que reunir os votos para a nova elección no convento, cabeza da orde. Debía entregar ao mestre o selo e o pendón da orde. Era un dos anciáns.

Sustentábase cos recursos económicos da Encomenda Maior. Era elixido nun Cabido xeral.

### 3.3. O Prior do convento de Alcántara

Segundo na xerarquía da Orde, e primeiro na espiritual. Era o párroco de todas as persoas da orde, pertencendo ao goberno espiritual da mesma. Estaba subordinado ao mestre. Era outro dos anciáns, definidor nos cabidos e xuíz de todos os cregos de hábito. Visitaba os partidos, daba dimisorias e licencias de confesar aos sacerdotes da orde, pronunciaba sentencias de excomuniación, concedía indulxencias.... Era elixido polo mestre. Ao principio o cargo era perpetuo, e logo trienal, con posibilidade de ser confirmado. Organizaba, co comendador maior, o Cabido Xeral para elección do mestre.

### 3.4. O Claveiro

Cuarta dignidade da orde. Gardaba as chaves do castelo de San Xoán e de Alcántara, cando residía ali o mestre. Substituía ao comendador maior na súa ausencia, e era outro dos anciáns. A súa elección realizábase nun Cabido xeral.

### 3.5. O Sancristán maior

Segue ao prior na xerarquía eclesiástica da orde. Tiña unha das chaves do arquivo, visitaba os ornamentos da sacristía do convento, tomaba conta das irgrexa, ermidas, confrarías, etc., en territorio da orde. Era secretario dos cabidos xerais. Gardaba e levaba ao Cabido o selo da orde. Sustentábase con rendas como, por exemplo, a quinta parte das esmoladas das misas celebradas na vila de Alcántara. Elixíase tamén en Cabido xeral.

### 3.6. Os comendadores

Designados polo mestre, co que os xunguía unha relación vasalática, eran a autoridade suprema das encomendas, que administraban buscando sempre a máis rendible explotación.

En ocasións, aparece o cargo de subcomendador, que substitúe ao comendador na súa ausencia.

### 3.7. O alférez da orde

Era o comendador de Castilnovo, levaba o estandarte da orde nas batallas. Na Baixa Idade Media o cargo parece que desapareceu.

Outros cargos de importancia, relacionados co sector eclesiástico da orde, serían os **priores de Pereiro, Santibáñez, Valencia de Alcántara e Magacela**. Por último, están os **visitadores**, que podían ser tanto laicos como eclesiásticos, e que tiñan como misión visitar periódicamente as diferentes encomendas, controlando o estado dos seus bens, grao de cumprimento das diversas obrigacións, etc. Eran nomeados polo mestre. Coas conclusións das súas visitas tíñase que redactar un libro que as recollese. Teóricamente eran anuais, aínda que esta norma non sempre se cumpría.

Ademais destas dignidades, a orde de Alcántara posúe tres órganos colexiados: o **Cabido xeral**, os **Trece** e o **Consello de Anciáns**.

O Cabido xeral é a instancia suprema. De perioricidade anual, asisten a el, obrigatoriamente, todos os membros da orde, independentemente do seu posto. Nel discútese e decídense as grandes cuestións da orde, promúlganse os ordenamentos de carácter xeral e é o único lugar onde se pode modificar calquera dos aspectos relacionados

coa estrutura da orde. Nel tamén se elixen –ou mesmo destitúen– as dignidades da orde, empezando polo mestre. Liase neles así mesmo a regra da orde.

Existían outros cabidos de rango inferior en prioratos, etc.

Os Trece, a diferenza con outras ordes, como a de Santiago, a penas ten competencias na de Alcántara. A súa función era a de colexio elector do mestre, que, xa vimos, se realizaba no Cabido Xeral. Formaban parte dos Trece os freires máis antigos e aptos da orde.

Por último, o Consello de Anciáns colabora co mestre no que respecta ás penas impostas aos diferentes freires. [Voz “Alcántara”, en Enciclopedia Universal Ilustrada Europeo Americana, vol. 4, Espasa Calpe, Barcelona, s/a.; RIGALT, 1992: 31-32; COSTA, 1993: 297-307; PORTELA, 2000: *passim*; TORRES, 1763: *passim*; CORRAL, 1999: *passim*]

#### 4. ENCOMENDAS DA ORDE DE ALCÁNTARA

**GALICIA:** Batundeira e Bañeza.

**LEÓN:** Barcial

**ZAMORA:** Santa María la Roja de Zamora e San Xoán de Toro.

**SALAMANCA:** Torre de Alhándiga (preto de Alba de Tormes) e Magdalena (cidade de Salamanca).

**PORTUGAL:** Pereiro, Priorado de Pereiro, Valelhas e Penhamocor.

**ESTREMADURA:** A maior parte das encomendas da orde de Alcántara concéntranse na actual Extremadura. A razón é moi simple: é o territorio no que se desenvolven, durante moito tempo, os acontecementos militares. É a terra de fronteira, en permanente contenda.

Na zona da Serra de Gata a orde posuía as encomendas de Salvaleón (preto de Valverde del Fresno) e Santibáñez (a antiga San Xoán de Mascoras).

Na zona de Coria teñen os alcantarinos as encomendas de Moraleja, Acehuche, Portezuelo e as Casas de Coria.

Na zona de Alcántara concéntranse as encomendas de Zarza-Peñafoel, Piedras Albas, Ceclavín, Belvís, Puente de Alcántara, Hospital de Alcántara e Brozas. No partido de Valencia de Alcántara localízanse as encomendas de Valencia de Alcántara, Dezmos de Valencia de Alcántara, Esparragal, Herrera, Mayorga e Piedrabuena.

Na zona de Badajoz posúe a orde as chamadas Casas de Calatrava, na cidade de Badajoz, cedidas pola orde de Calatrava. Na zona da Serena están Castilnovo, Benquerencia, Lares, Zalamea, Capilla (pertencente anteriormente aos templarios), Magacela e Dezmos da Serena.

**ANDALUCÍA:** Nesta comunidade posuía a orde de Alcántara as encomendas de Morón, Heliche, Casas de Sevilla e Priego-Cañete.

Tamén posuían a importante e denominada Encomenda Maior, así como outras propiedades dispersas [PORTELA, 2000: *passim*]

#### 5. PEGADA GALAICA NA ORDE DE ALCÁNTARA

Nunha orde como a de Alcántara, de ámbito galaico-leonés, é lóxico que a presenza da nobreza galega sexa constante. Varios mestres da orde eran naturais de Galiza, e moitos comendadores procedían tamén do noso país. Seguiremos, sequer a título indicativo, o libro de Francisco de Rades e Andrada, para ver algúns destes nomes.

Así, o 2º mestre da orde de Alcántara foi Benito Suárez, ou Sugiz. Era fillo de Suer Fruélez, nobre cabaleiro de Galiza, señor do castelo de “Coronado” e da vila de Bausende.

Parece que xa era mestre de Pereiro en 1202, ano no que asina un acordo coa orde de Santiago. No seu mestrado Inocencio III confirma de novo a bula de aprobación da orde. Foi comendador nesta época, de Herrera, Arias Aldao. [RADES, 1994: f. 4r-v]

Na época do mestrado de Nuño Fernández (elixido en 1208) foi comendador de Ribilla Fernán Núñez, fillo natural do conde Nuño de Galiza, señor de Abeancos e Santa Olaia de Aria. [RADES, 1994: f. 7v]

No mestrado de Diego Sánchez (1219 e seguintes) foi comendador de Reigadas Pedro Freire, fillo de Martiño Pérez ou Nuño Freire, señor do castelo de San Sadurniño, en Galiza. Tamén é galego Arias Pérez, comendador maior e futuro mestre. [RADES, 1994: f. 8v]

O 5º mestre de Alcántara foi Arias Pérez Gallego (1227 e seguintes). Foi fillo de Pedro Arias e neto de Arias Pérez de Monterroso, cabaleiro poderoso en época do emperador Afonso VII e que deu á igrexa compostelá o lugar de Villaverde. Participou na conquista de Badajoz e Mérida. “Como era vaffallo del Rey de Leô, y natural del Reyno de Galizia, no quifiera que eftos Reynos vinierâ a poder del Rey de Castilla”, por iso, seguiu o partido de dona Sancha e dona Dulce no conflito con Fernando III (sucesión de Afonso IX). Logo xurou fidelidade ao rei. Gañou a cidade de Trujillo e participou noutros acontecementos bélicos. Morreu en 1234.

No seu mestrado foi comendador de Belvís Nuño Sánchez das Mariñas. Tamén poida que fose galego Vimariamo de Balboa, comendador de Santibáñez. [RADES, 1994: f. 8v-9v]

No mestrado de Pedro Iáñez (1234ss) foi comendador da Magdalena de Salamanca Xoán Arias Aldao. Hai outros comendadores con apelidos galegos: Fernán Díaz de Bolaños, comendador de Cillero, e Diego Pérez de Ribadeneira, comendaor de Herrera e alférez da orde. [RADES, 1994: f. 10v]

Mestre de Alcántara foi Fernán Pérez Galego, con orixes en Ortigueira. Elixido en 1292. Foi natural da casa e solar de Santa Marta de Ortigueira, fillo de Pedro García Galego e Teresa Núñez Maldonado, que era filla de Nuño Pérez Maldonado. Neto de Suer Díaz Galego e Inés García de Sanabria, e bisneto de Diego Pérez Galego e Estefanía de Bahabón. Tivo como irmáns a Estevo Pérez Galego e Xoán Pérez Galego, e tres irmás, casando unha delas con Pedro Fernández, sendo nai de Gonzalo Pérez, mestre da orde, sucesor de Fernán Pérez. O seu irmán Xoán tivo problemas en Galiza tendo que abandonar o reino. Dirixiuse a Francia e logo a Roma, onde serviu ao infante Enrique, senador de Roma, irmán de Afonso X o Sabio, morrendo nunha batalla. Deixou en Galiza un fillo de 4 anos, que se criou co mestre, o seu tío, mentres viviu este, e logo en casa doutro mestre da orde. Chamábase Pedro Galego, alias Faxardo, e casaría con Blanca de Aldana, nacendo do matrimonio Xoán Faxardo, pai de Alonso Iáñez Faxardo, de quen descendeen os marqueses de Vélez, que teñen por armas tres polas de ortigas; esas mesmas armas traía o mestre.

Este mestre participou na conquista de Tarifa, con Sancho IV, recibindo algunhas doazóns para a orde. Logo serviu a Fernando IV. Morreu en 1296, sendo soterrado no convento vello de Alcántara. [RADES, 1994: f. 12v-13v]

Outro mestre da orde foi Gonzalo Pérez, elixido en 1296. Foi sobriño do outro mestre, seu antecesor, fillo dun cabaleiro nobre do reino de Galicia chamado Pedro Fernández, e de Estefanía Pérez, irmá do mestre Fernán Pérez Galego, filla de Pedro García Galego. Diciase nos memoriais galegos que Pedro Fernández pai era descendente do conde Pedro Fernández de Trava, señor de Trastámara, que criou a Afonso VII. Foi elixido mestre tanto polo valor da súa persoa como porque o seu tío gobernara moi ben a orde, gañando as vontades dos seus súbditos.

O infante don Xoán, na guerra con Fernando IV pola sucesión, tomou a ponte de Alcántara: o mestre, en nome do rei, armou guerra en Extremadura e recuperou a ponte. Recibiu doazóns de Fernando IV. Morreu en 1312.

No seu mestrado puidera ser galego Vasco Gago, comendador das casas de Zamora. [RADES, 1994: f. 13v-14v]

No mestrado de Roi Vázquez, elixido en 1312, e logo deposto, era comendador de Benquerencia Suero Pérez, elixido mestre na deposición, en 1318. Tamén parece galego Diego Pérez Maldonado, comendador de Almorchón, e Xoán Láñez de Aldao, comendador de Cabezalbuey. [RADES, 1994: f. 15v]

En 1318 foi elixido mestre Suer Pérez Maldonado, natural de Galiza, fillo de Xiraldo Pérez Maldonado. O seu escudo tiña as cinco flores de lis. Tivo problemas co da sucesión, porque Roi Vázquez non se resignou, pero o abade de Morimond mandoulle acatar a Suer Pérez, validando á súa elección. Vázquez acatouno e Suer deulle a encomenda de Magacela.

Asinou un pacto de irmandade con Garci Fernández, mestre de Santiago, e Garci López de Padilla, mestre de Calatrava. Participou nos conflitos da minoridade de Afonso XI, en batallas no reino de Granada e tamén en Gibraltar. Morreu en 1334, sendo soterrado no convento do castelo de Alcántara. Sucedería o seu irmán, Roi Pérez.

Parecen galegos Alonso Pérez de Andrada, comendador de Santibáñez e quizais Fernando de Lemos, comendador de Herrera. [RADES, 1994: f. 16r-17v]

Galego era tamén o mestre Roi Pérez Maldonado, irmán do anterior. Elixido en 1334. Por encargo de Afonso XI socorreu a cidade de Badajoz, sitiada polo rei de Portugal. O rei portugués, ante a moita xente que se congregara co mestre, levantou o sitio e marchou para o seu reino. Houbo algunha pequena escaramuza e prenderon a varios portugueses. Pero ao rei de Castela pareceulle que non fixera moito, que debera ter presentado batalla ao rei portugués, e como ademais non fora axudalo ao cerco de Lerma (tampouco foron os mestres de Santiago e Calatrava) colleulle odio e maniobrou para que o destituísen, cizañando tanto cos freires como co abade de Morimond. O mestre, entendendo que sería destituído, e sendo persuadido polo abade de Morimond para que demitise, xa que a súa elección non fora canónica, aínda que prometéndolle que volvería ser elixido, renunciou ao mestrado, entregando os selos e pendóns da orde ao abade. O rei dixo que non era adecuado para o mestrado, e que non lle servira como era debido. Esta renuncia, na que estaba presente o rei, foi en Trujillo, en 1335. O seu mandato, pois, durou un ano. [RADES, 1994: f. 17v-18v]

Na época do mestrado de Gonzalo Núñez de Oviedo (elixido en 1338) era comendador da Portuguesa Alonso Charriño de Loaysa, fillo de Fernán Páez Charriño e neto do almirante Paio Gómez Charriño. Era comendador de Belvís Nuño Pérez Galego, e comendador de Piedrabuena Rodrigo Moscoso. Quizais algún comendador máis era galego. [RADES, 1994: f. 23v-24r]

No mestrado de Nuño Chamizo (1338-1343) foi comendador de Herrera Pedro Núñez Freire, fillo de Nuño Freire de Andrade, que recibira en Burgos, de Afonso XI, a cabalería da Banda. E era comendador da Batundeira Garci Pérez. Quizais eran galegos Alonso López de Aldao, comendador da Peraleda, Alvar Gómez de Sarria, comendador de Castilnuovo e mordomo do mestre, Xoán López de Montenegro, comendador de Zalamea, Suer Meléndez de Soutomaior, comendador de Benquerencia, fillo de Melén Suárez de Soutomaior. [RADES, 1994: f. 24v]

No mestrado de Fernán Pérez Ponce de León (1346-1355) foi comendador da Batundeira Fernán Pérez de Bolaños; de Benquerencia Fernán Garcia de Gres, Arias Maldonado comendador de Castilnuovo e Francisco Gutiérrez de Caldelas comendador das casas de Badaxoz. [RADES, 1994: f. 27v]

No mestrado de Rui Díaz de la Vega (1371-1375) Xoán Fernández de Gres era comendador da Batundeira. Quizais era galego Gutierre Noguero, comendador da Magdalena de Salamanca. [RADES, 1994: f. 31v]

Mestrado de Martiáñez de la Barbuda (1385-1394); no seu tempo era comendador de Hornos Fernán Gómez Chariño e Xoán Díaz de Bolaños comendador de Bensayan. [RADES, 1994: f. 34r]

No mestrado de Fernán Rodríguez de Villalobos (1394-1408) Era comendador da Batundeira Fernán Sánchez de Vera; Comendador maior (logo da morte de Alonso Gómez Pacheco), e despois mestre, Xoán de Soutomaio; Fernán Méndez de Soutomaio era comendador de Galizuela e Alonso Maldonado, comendador de Belvís. [RADES, 1994: f. 34v]

Mestrado do infante don Sancho (1408-1416). Son galegos Xoán de Soutomaio, gobernador do Mestrado e comendador maior e Gutierre de Soutomaio, comendador de Lares. Diego Pérez Quixada era comendador da Batundeira. [RADES, 1994: f. 36r]

Mestrado de Xoán de Soutomaio (1416-1432) Era fillo do galego Alonso de Soutomaio, ou segundo outros, de Hernando de Soutomaio e irmán de Tareixa de Soutomaio, nai de Gutierre de Soutomaio, que tamén logo sería mestre.

Era avó do mestre Xoán un tal Alonso de Soutomaio, casado con María Arias Maldonado, filla de Arias Pérez Maldonado e neta de Xoán Arias, curmán de Suer Pérez, mestre de Alcántara.

Tivo moitos problemas con facerse coas vilas da orde, debido a conspiracións da nai de Xoán II, que apostaba por outro. Xoán seguiu o partido dos infantes de Aragón no conflito dinástico (o do infante don Henrique). Acabará por ser destituído por presión de Xoán II, elixíndose mestre de Alcántara a Gutierre de Soutomaio, o seu sobriño. Logo o rei perdoouno.

Durante o seu mestrado aparecen con orixes galegas o seu sobriño Gutierre de Soutomaio, comendador maior e logo mestre; Garcí Fernández Sarmiento, comendador da Batundeira (fillo de Diego Pérez Sarmiento e Mencía de Stuñiga); Pedro Fernández de Andrade, comendador de Cabezalbuye; Pedro Maldonado, comendador de Belvís; Alonso Suárez Faxardo, comendador de Piedras Buenas. [RADES, 1994: f. 36r-41v]

O mestre Gutierre de Soutomaio (1432-1456) era fillo, como vimos, de Tareixa de Soutomaio, e sobriño, por tanto, do anterior mestre. Foi fiel seguidor de Xoán II, participando en moitas batallas. Tivo dous fillos naturais cunha filla do comendador de Lares, Gonzalo de Raudona. Un foi Alonso de Soutomaio, que sucedeu no estado de Belalcázar e o outro Xoán de Soutomaio, ao que deixou o morgado da vila de Alconchel. [RADES, 1994: f. 41v-44r]

Na época do mestrado de Gómez de Cáceres (1457-1463) aparecen Diego Pérez de Ribadeneira, comendador de Mayorga; Xoán Pérez de Aldana, comendador de Portezuelo; Alvar Pérez Holguín, comendador da Batundeira; Roi Gómez de Moscoso, comendador da Peraleda. [RADES, 1994: f. 44r-48v]

O mestre Alonso de Monroi (a partir de 1463) era fillo de Alonso de Monroi e de Xoana de Soutomaio, irmá do mestre Gutierre de Soutomaio. Tivo problemas internos Xoán de Zúñiga (que sería nomado mestre, por provisión, en 1473). En 1479 Alonso



renunciou ao cargo, sendo ratificado xa o devandito Xoán de Zúñiga. Ocupaba o cargo de claveiro cando morreu. No seu mestrado encontramos a Xoán de Ulloa como comendador de Benquerencia. [RADES, 1994: f.53r]

No mestrado de Xoán de Zúñiga (1473-1494, en que renuncia), derradeiro mestre elixido polos freires, era Pedro de Zúñiga comendador da Batundeira. [RADES, 1994: f.53v-55r]

## 6. A ORDE DE CALATRAVA EN GALIZA

Pode resultar estraño que incluamos aquí unha referencia á orde de Calatrava. Non o é. Xa vimos anteriormente a subordinación dos alcantarinos aos calatravos. Iso era debido ao ser parte das ordes cistercienses, que establecían diversas filiacións. Esta subordinación queda claramente expresada na concordia entre o mestre de Calatrava e o de Pereiro, celebrada en Ciudad Rodrigo o 16 de xullo de 1218. Por ser de moito interese, reproducimos a súa parte dispositiva:

Notum sit omnibus, tam presentibus quam futuris, per hoc scriptum perpetuo valiturum, quod dominus Aldefonsus, Dei gratia rex Legionis et Gallicie, hac honorem Dei et servitum et ad utilitatem regni sui, statuit de beneplacito magistri et conventus de Calatrava ex una parte, et magistri et conventus de Pirario ex altera, in hunc modum. Quod magister et conventus de Pirario recipiant visitationem et obedientiam magistri de Calatrava, secundum Ordinem Cisterciensem, et quod numquam recipiant monachum pro priore, nisi voluerint: sed cum priorem facere debuerint, recipiant illum de domo sua, vel de Calatrava, aut de filiabus suis, dummodo monachus non sit. Magister autem et conventus de Calatrava dant magistro et conventui de Pirario Alcantaram, et omnes possessiones cum chartis et privilegiis suis, et mobilia quacumque habent in regno Legionis, tam ex regia donatione quam ex alia acquisitione. Cum autem magistrum de Calatrava mori, aut removeri contigerit, ad substitutionem alterius vocetur magister de Pirario. Magister vero de Calatrava nunquam habeat potestatem alienandi, vel transferendi aliqua de rebus de Pirario, sine consensu magistri et conventus de Pirario, ac si facere attentaverit, rex Legionis habeat potestatem meliorandi illud. [ORTEGA, 1981: 46-47]

A importancia desta concordia fai que entre as testemuñas presentes aparezan o mestre do Temple, Pedro Alvítez, o prior da orde do Hospital, Xoán Díaz, e comendadores ou freires desas ordes.

¿Qué propiedades calatravas recibiu a orde de Alcántara en Galiza? Sabemos que o seu número de posesións en Galiza non era moi grande; segundo a bula de confirmación do papa Gregorio VIII, de 4 de novembro de 1187, confirmada logo por Inocencio III, Clemente III e Celestino III, a orde tiña no noso país:

Pinos in Galicia cum pertinentiis suis. Cougeli in Galicia iuxta Alleriz cum pertinentiis suis. Domum de Alleriz et domos de Troncosa super Minium, cum vineis et terris et pertinentiis suis. [ORTEGA, 1981: 23, 33, 44]

Os bens de Allariz foran doados polo conde Fernando Ponce e a súa dona a condesa dona Estefanía en 1183:

...illas casas et de vinea et de horto, quas comparavimus de Nuno Bravo, cum toda sorte, que mihi provenerit de illa populatione de Alleriz, tam in haereditibus, quam in vineis, quam in casis, quam in omnibus, que ibi pro ratione mea acciderint, totum cum illis, que superius nominavimus, damus et concedimus domus de Calatrava, ut habeatis et possideatis iure haereditario in secula seculorum, ob remedium anime mea et parentum meorum". [ORTEGA, 1981: 18-19]

Estas son as únicas referencias a propiedades calatravas en Galiza; sen embargo, non é a única vez que membros desta orde aparecen na documentación galega. Así, o 26 de decembro de 1214, estando en Oseira, Gonzalo Eanes doa ao mosteiro o que fora dos templarios en San Facundo de Cea. Entre as testemuñas aparecen, ademais de cabaleiros templarios e santiaguistas: “fratres de Calatrava: Martinus Fernandiz, Fernandus Dominici, Iohannes Suredena e Suerius Froile”. [ROMANÍ, 1990: 164-165, doc. 161]

Este Xoán Suredena debe ser o que, co nome de Xoán Pérez de Subderena, o 4 de xaneiro de 1220, e titulándose comendador dos bens que a orde de Pereiro ten en Galiza, entrega a Arias Álvarez e a Maior Arias, a súa muller, unhas herdades a censo en Sancto Donas, a cambio do pagamento anual do 50 por cento da colleita de viño, e un tercio da de pan, liño e demais productos. [TORRES, 1763: I, 200; PALACIOS, 2000: 37, doc. 70; NOVOA, 2000: 133] Non ten porque estrañar este cambio de orde, xa que a de Pereiro-Alcántara era filial da de Calatrava.

Nunha venda que Paio Suárez e a súa muller Urraca Rodríguez fan ao mosteiro de Oseira o 5 de xaneiro de 1228, de dous casais en Prado, aparece como testemuña “frater Menendus de Calatrava”. [ROMANÍ, 1990: 289-290, doc. 297] Noutro documento, de 11 de xaneiro de 1228, polo cal o cóengo de Santiago Xoán Suárez vende a Oseira un casal na vila de Pol, volve aparecer o mesmo freire de Calatrava. [ROMANI, 1990: 290-291, doc. 298] E este mesmo freire confirma outro documento de 29 de febreiro de 1228 polo cal Pedro Fernández, arcediogo de Ourense, vende a Oseira dous casais: un en Prado e outro en Vide. [ROMANÍ, 1990: 291-292, doc. 299]

Como logo veremos na análise da encomenda galega da Batundeira, estes bens calatravos aparecerán xestionados por Alcántara.

## 7. OS MECANISMOS ALCANTARINOS DE ADQUISICIÓN DO PATRIMONIO

A conformación dun patrimonio territorial ou señorial é un proceso que se prolonga no tempo. Varios son os mecanismos utilizados para este obxecto: doazóns, compras, permutas...

### 7.1. Doazóns

A análise da documentación amósanos que a orde recibiu doazóns en Valdesandinas, Perez (na Bañeza), Cavazos, Soto e La Bañeza, ademais do portádego de varios lugares, do que logo falaremos.

Case todas as doazóns refírense a propiedades territoriais. Sen embargo, encontramos unha, moi interesante, referida á cesión de armas, algo que adoita aparecer, en ocasións, en mandas dirixidas a ordes militares.

O documento está datado en Monterrei o 20 de xaneiro de 1290. Nel, Lopo Rodríguez de Nocado [Castrelo de Val], nunha das mandas do seu testamento, di: “Item mando a Ares d’Alcantara o meu perpono, o meu lorigon, a mia gorgeyra et cen mr. da guerra en dineyros polo que deles oue et meu capelo de fferro”. [AZEVEDO, 1997: 138-140, doc. 58]

Importantes polos recursos económicos que xeran, a orde foi favorecida coa doazón dalgún portádego. O máis importante foi o cedido o 2 de outubro de 1220, estando en Toro, polo rei Afonso IX, que doa á orde o portádego de San Martín de Torres. O mestre e freires de Pereiro cobrarían dito portádego

...in Piraranza et in Tabuyo, in Torneros, in Palacios de Xamuzo, in Cabazos?, in Sancta Maria de Alba [Redelga], et in Banieza, in Valcabado, in Ruperulos, in Villastrigo, in Pozolo [del Páramo], in Laguna de Negriellos in Sancta Maria del Paramo, in Ponte de Orvego, in Carrizo et in Aarmellada, in Sancta Marina, in Villiela [Vecilla], in Orgatorina [Hurga de Garavalles] et in Requeijo. [GONZÁLEZ, 1944, II, 519-520, doc. 404; QUINTANA, 1990: 103, 104 e 208, ap. doc. 18; NOVOA, 2000: 134; CABERO, 1995: 135, 189; GONZÁLEZ, 1983: 374-375, doc. 324].

Respecto do mencionado portádego, Novoa pensa que non pertenceu á encomenda da Batundeira, senón á mesa mestral. [NOVOA, 2000:134, nota 398]

Tamén no acordo que a orde fai co mosteiro de Montederramo, en 1222, sobre algúns lugares na zona da Gudiña, menciónase que esta non inclúe o portádego: “excepto portagio quod si quaelibet pars illud lucrum de rege poterit eum integro possideat...”. [PALACIOS, 2000: 43-44, doc. 78].

Que a orde non se quería desprender dos dereitos de portádegos confirmao un documento do ano 1280, polo cal Alcántara entrega a don Gonzalo Morán e á súa muller Elvira Rodríguez todo o que ten en Valdesandinas, agás o portádego. [CASADO, 1983: II, 149, doc. 498; NOVOA, 2000: 135]

Unha nova mención do portádego de San Martín de Torres aparece nun privilexio de Afonso XI, datado en Madrid o 2 de xeneiro de 1340, no que ordena entregar ao convento de Santa Clara de Astorga a granxa de Benavente de Sequeros e outros antigos bens templarios que Alvaro Núñez de Osorio cedera á orde de Alcántara a cambio da encomenda da Bañeza.

Nuns dos parágrafos do documento podemos ler:

...con don Suer Pérez, maestre de la orden de Alcántara, por la encomienda de la Banieza con el portazgo del sábado e con el portazgo de entre semana e con el portazgo de Alcobaso e con la Puente de Orvigo e de Villagarcía e de Laguna de Negrillos e de Carrizo, e la heredad e vasallos de Valdesandinas...

...E otrosi tenemos por bien que la encomienda de la Banieza con el portazgo del sábado e con el portazgo de entre semana, e con el portazgo de Alcobaso e de la Puente del Orbigo, e de Villagarcía, e de Laguna de Negrillos, e de Carrizo, e la heredad e vasallos de Valdesandinas... [TORRES, 1763: I, 535; CAVERO, 1992: 46-47, doc. 67; PALACIOS, 2000: 411-413, doc. 577]

Moi importantes para a orde son así mesmo as exencións fiscais, que podemos cualificar tamén como unha doazón.

A primeira noticia témola nun documento expedido en Sevilla o 13 de setembro de 1285. Nel, Sancho IV ordena aos meiriños, portazgueiros, xuíces e alcaldes de Galiza que protexan os bens da orde de Alcántara e impidan que, por eles, lles sexa demandada contribución algunha con destino á defensa do reino contra dos musulmáns. [TORRES, 1763: I, 421, con data 12-9-1285; PALACIOS, 2000: 237-239, doc. 365; NOVOA, 2000: 135]

Esta orde do rei viñera dada porque o mestre de Alcántara queixáraselle que os ricos homes e os cabaleiros que tiñan terras del, pedían “jugada en razón de hueste por los casares de la orden que la han”. E o mestre dicía que a orde non debía dar tal servicio porque xa participaban na hoste cando o rei a facía. Ademais, demandaban cargas de cebada, e galiñas, que non tiñan por que dar.

Tamén o mestre comprometeuse a pasar unha relación do que deron cabaleiros, e outros homes, das casas e herdades da orde que tiñan aforadas. Nos contratos estipulábase

que, na súa morte, as tiñan que devolver á orde con algo do seu. Pero cando morrían, os fillos e herdeiros dos que tomaran o foro non querían deixar as casas e herdades da orde, nin darlles aquilo que os pais prometeran.

Outros homes, que tiñan herdades da orde por forza, sen teren dereito a elas, non as querían deixar; deles o mestre tamén pasaría relación.

Algúns cabaleiros, dos que presentaría relación, quebrantábanlle os coutos e herdades, que estaban acoutadas polos reis anteriores a el, segundo privilexios que a orde tiña, e tomaban pola forza, aos homes que alí moraban, cebada e cargas que os vasalos da orde non estaban obrigados a pagar. Por outra parte, queixouse tamén o mestre de que algúns comendadores da orde deran herdades a foro a certos homes da terra, para que as labrasen, e “estos tomase de los caualleros e por esta razón pierde la orden los fueros e los derechos que les deuen a dar de las heredades”.

Por todas estas rezóns, o rei ordena

..que en aquellos lugares a poder auedes que fagades venir ante vos, por si o por sus personas a aquellos de que se nos querellar el maestre o los comendadores o so procurador de la orden e si lo alli conocieren non consintades a los ricos omes, ni a los caualleros que tienen jugada de los sus serviciales, ni carga de ceuada, ni galinas por los cassares dela orden que la cobren, nin coyan vasallos en los sos cotos. E si algunos y cogueren, fazergelos dexar. E quanto tomaren ya los sos vasallos por forzia e fazergelos dexar. E quanto tomaren ya los sos vasallos por forzia e fazergelos entregar con la emendd e con la pena que los privilegos manda. Pero si todos o algunos de los sobre alguna destas cosas quisieren razonar aprazaldeos para un día que los viederdes que sea a guisa que vengan o envíen con el maestro e con su personero e de la orden. E de cómo los emplazardes, embiademelo dezir por una carta, e yo oyles, he e mandar y aquellos que touiere por bien e por derecho. E en razón de las heredades que dieron que las forciaron, e delas heredades que dieron a labrar a fuero cierto. E los juzges de las tierras de los los lugares das heredades con que fagades venir ante vos, los gijos e los pobladores e los forciadores de que el maestro e los comendadores o sus procuradores, se querellar e si assi os gada de los que dexen las heredades de la orden, los padres en so vida como las queren a dexar a so finamiento por ellas e las forciadas e las heredades que los pobladores recibieron con enmenda de los fueros e de la forcia e de los fueros as sí como fuero e derecho es. Pero si tosos o algunos de los contra esto, algo quisieren dezir, vos los juezes oyades e julgad de fuero e derecho. E quien de nuestro juyzio se agraviar e se alzar, dadle el alçada para ante mi así como deuedes, e non fagades ende al si non quanto dano o menoscabo la orden recibiese por culpa de qualquier de vos, de lo vuestro gelo ffaria entregar doblado...

Uns anos despois volve repetirse o problema. Sabémolo por dun documento expedido en Sevilla o 8 de maio de 1310. Gonzalo Perez, mestre da orde de Alcántara, queixárase ao rei Fernando IV de que Arias Iáñez de Ourense e Xoán Iáñez de “Pigigueyro” entraran cos seus homes na Batundeira e en Causille [Couxil], lugares da orde, collendo dos ditos lugares unha cuba de viño de 20 moios, e 20 bois e vacas, aducindo que o collían por razón das “yantares” que o rei demandaba a todas as ordes de Galiza. O mestre manifestoulle ao rei que a orde, polos bens que tiña en Galiza, nunca tivera que dar “yantar” aos reis de onde el viña, nin a el, pedíndolle mercé que, xa que eles non deran nunca xantar aos reis, non tivese por ben que a desen agora, e que se quería comprobar que era certo o que lle dicía, que mandase a Rodrigo Álvarez de Asturias, adiantado maior en Galiza, que interrogase aos veciños da comarca sobre esta afirmación.

O rei, vendo que o solicitado polo mestre axustábase a dereito, deu orde para que avisasen ao dito Rodrigo Álvarez para que comprobase o afirmado polo mestre, encargando

o labor, o mencionado adiantado, a Xoán Lourenzo e a Pedro Bernaldo de Rivadavia, encarecéndolles que interrogasen a homes bos de Ourense e Rivadavia, e doutros lugares da comarca. Xoán e Pedro fixeron as correspondentes pesquisas e, unha vez realizadas, mandáronlle as conclusións ao rei pechadas e seladas cos seus selos e signadas cun signo que dicía que era de Pedro Lorenzo, notario público de Ribadavia. Á vista das mesmas, o rei comprobou a veracidade da afirmación do mestre, mandando que non a desen aquí en diante e que ningún colledor, nin sobrecolledor, nin recadador das xantares, nin ningún outro, ousase de prender ou tomar cosa algunha do que a orde tiña en Galiza por razón das “yantares”; quen así o fixese pecharía ao rei, en pena, 1000 marabedís de boa moneda e, ao dito mestre e á dita orde ou a quen a súa voz tivese, o dano que por esa causa recibiran, dobrado. [Bulario de Alcántara, fols. 143r-146v; PALACIOS, 2000: 305-307, doc. 456; ARCAZ, 1995: 142; NOVOA, 2000: 135]

As outras doazóns que temos computadas son as seguintes:

**1218:** Acordo polo cal a orde de Calatrava traspasa á de Alcántara diversos bens no reino de León. Un deses lugares sería Valdesandinas, no concello de Villazala, preto da Bañeza. [NOVOA, 2000: 134]; **1227:** A orde recibe unha herdade en “Perez”, na Bañeza. [PALACIOS, 2000: 52, doc. 99]; **1246, febreiro:** Pedro Laínez doa pro anima todas as súas propiedades en Cavaços, bispado de Astorga. [PALACIOS, 2000: 109, doc. 204; TORRES, 1763: I, 311]; **1248, marzo:** Dona Constanza entrega á orde todas as súas propiedades sitas en Cavaços. [PALACIOS, 2000: 112, doc. 212; TORRES, 1763: I, 319]; **1253, novembro:** Xoán Rodríguez, Pedro Rodríguez e os seus fillos, e Andrés Pérez, o seu sobriño, entregan á orde, e ao comendador na Bañeza, os bens de Rui Fagúndez, fiador de Pedro García e a súa muller María López. [PALACIOS, 2000: 132, doc. 241; TORRES, 1763: I, 331-332; NOVOA, 2000: 86, 136]; **1257:** Xil de Azares doa á orde unha terra situada en Soto, término da Bañeza, baixo a campá de San Salvador, e a cuarta parte de toda a súa fachenda, porque era familiar da orde. [TORRES, 1763: I, 359-360; NOVOA, 2000: 86, nota 86]; **1291, novembro, 1:** Paio, crego e veciño da Bañeza, faise familiar da orde de Alcántara e comprométese ante Vasco Pérez, comendador do lugar, a doar á institución a metade das casas e terras de labor que posúe alí e en Pereix, coa condición de conservar o usufructo e recibir unha pensión vitalicia de mantemento. A Orde daralle cada ano, polo nadal, “Manto y Pelote y Saya de un faz”, ademais de “penas para el Manto y para el Pelote, è un paz de calzas de un paño durdo, e probervos bien en à vuestra casa de morada en Bañeza de comer y de beeber por en toda vuestra vida”. [CORRAL, 1999: 354, doc. 110; PALACIOS, 2000: 248, doc. 383; TORRES, 1763: I, 429-430; NOVOA, 2000: 87-88, nota 241].

## 7.2. Compras

A forma máis utilizada para incrementar o patrimonio da orde é o das compras. Polo xeral, fanse en zonas nas que a orde xa ten presenza, permitindo así unha máis eficaz centralización e xestión dos recursos económicos.

Na documentación conservada podemos computar un total de 19 compras, a maior parte delas na zona da Bañeza: 1 en Perejo, 1 en San Pelagii, 1 en Destriana, 3 en Herreros de Jamuz, 1 en Villa de Ribas, 3 en Requeixo, 1 en Soto de Terraces, 1 en Cabazos, 1 en San Paio de Pozuelo, 1 en Valdefero e 2 nesa zona do bispado de Astorga, pero sen identificar.

Varias destas adquisicións fanse en lugares onde a orde posuía o portádego, doado en 1220 por Afonso IX, como pode ser o caso das efectuadas en Pozuelo, Requeixo ou Cabazos.

Polo que respecta ao territorio da Galiza actual, so atopamos unha compra en Beade e dúas en Galiza, sen concretarse o lugar.

As compras realizadas foron estas:

**1224, agosto:** Compra de bens en “Perejo”. [TORRES, 1763: I, 232; PALACIOS, 2000: 48, doc. 89; NOVOA, 2000: 134]; **1227, marzo.** Compra de herdades “in villa quae dicitur Sancti Pelagii”, consistentes en cortes, solares, etc., por 33 morabetinos. [ADA, Códices, R-4, fol. 239v, nº 49; MARTÍNEZ, 1997: I, 229, doc. 322]; **1228 [xaneiro]:** Compra de certos bens no bispado de Astorga. [TORRES, 1763: I, 240; PALACIOS, 2000: 55, doc. 104; NOVOA, 2000: 80-81, nota 203]; **1228, febreiro:** Compra de certos bens no lugar de Herreros [de Jamuz] [TORRES, 1763: I, 240; PALACIOS, 2000: 57, doc. 106; NOVOA, 2000: 80, 134]; **1229, febreiro:** Compra de coutos, casas, solares, terras, viñas.. en Villa de Ribas, por 25 marabedís. [TORRES, 1763: I, 245; PALACIOS, 2000: 58, doc. 111; NOVOA, 2000: 80-81, nota 203]; **1230, xaneiro:** Compra de bens en Valdeferol (ou Valdefero). [TORRES, 1763: I, 248; PALACIOS, 2000: 60, doc. 114; NOVOA, 2000: 81, nota 203; 126, 134]; **1230, xullo:** Compra de dúas terras na vila de Herreros. [TORRES, 1763: I, 248; PALACIOS, 2000: 61, doc. 116; NOVOA, 2000: 80, nota 203]; **1233, marzo:** Compra de bens en Destriana. [TORRES, 1763: I, 259; PALACIOS, 2000: 65, doc. 125; NOVOA, 2000: 82, nota 206]; **1237, abril:** Compra de certas herdades en Riquexo. [TORRES, 1763: I, 291; PALACIOS, 2000: 79, doc. 155; NOVOA, 2000: 83, nota 218; 127; 134]; **1238, outubro:** Compra de certas herdades en Riquexo. [TORRES, 1763: I, 292; PALACIOS, 2000: 93, doc. 171; NOVOA, 2000: 83, nota 218; 134]; **1244, marzo:** Compra de certas herdades na zona da Bañeza. [TORRES, 1763: I, 309; PALACIOS, 2000: 104, doc. 192; NOVOA, 2000: 84, nota 221]; **1245:** Compra de herdades no reino de Galiza. [PALACIOS, 2000: 106, doc. 198]; **1245, xullo:** Compra dunha herdade na vila de Herreros. [TORRES, 1763: I, 310; PALACIOS, 2000: 108, doc. 200; NOVOA, 2000: 84, nota 221]; **1248, marzo:** Compra de herdades na vila de Cavaços. [TORRES, 1763: I, 319; PALACIOS, 2000: 113, doc. 213; NOVOA, 2000: 84]; **1260, setembro, 20.** Compra de bens en Requejo (de la Vega), preto da igrexa de Santa Leocadia, por 150 marabedís de ouro. [TORRES: 1763: I, 291, 292, 378; NOVOA, 2000: 86, nota 233; 134]; **1263, maio.** Compra de bens en Soto de Terrazas (ou Terrazes), baixo a campá de San Pedro. [TORRES, 1763: I, 382; PALACIOS, 2000: 197-198, doc. 313; NOVOA, 2000: 87, 136]; **1266, maio, 30:** Compra dunha viña situada en Pozuelo (del Páramo), preto da igrexa de San Pelayo. [TORRES, 1763: I, 388; PALACIOS, 2000: 202, doc. 321; NOVOA, 2000: 87, nota 237; 136]; **1280, setembro:** Compra de propiedades en “Viade” (Beade). [TORRES, 1763: I, 402; PALACIOS, 222, doc. 346]; **1290, febreiro, 10:** Compra dunha terra e outros bens en Galiza. [TORRES, 1763: I, 429; PALACIOS, 2000: 247, doc. 381]

### 7.3. Permutas

Outro mecanismo que permitía a mellora da xestión patrimonial era a permuta, utilizada cando as institucións que a realizan resultan ambas as dúas beneficiadas co troco.

As permutas documentadas son as seguintes:

**1253:** Permuta co bispo de Ourense de dúas herdades en Ribadavia. [TORRES, 1763: I, 331; PALACIOS, 2000: 122, doc. 229; NOVOA, 2000: 86]; **1290, marzo, 3:** Permuta co mosteiro cisterciense de Nogales de bens da orde en Torial [Toral] por outros en Pozuelo, na zona da Bañeza. [TORRES, 1763: I, 429; PALACIOS, 2000: 248, doc. 382; NOVOA, 2000: 87, nota 237]; **1327, setembro, 18:** Permuta con Álvaro Núñez, conde de Trastámara, Lemos e Sarria, coa orde de Alcántara. O conde entrega a granxa de Benavente de Sequeros

con Algodor e as aceas de Coria, así como as casas e outras propiedades que alí tivera a orde do Temple, e Viña con Ventosa e os 2.500 marabedís de renda anual vitalicia que posuía, por cesión da orde, en Xema e as súas aldeas; a orde doa ao conde as encomendas da Bañeza e de Bercial de Lomba, así como os bens de que a orde dispón en Vecilla de Valderaduey, Villalonso, Benalfarzos e Tiedra. [Bulario de Alcántara, 160-161; PALACIOS, 2000: 373-375, doc. 523; NOVOA, 2000: 102, nota 278]; **1331, xullo, 9. Coria**: Permuta con Gómez Arias e familia, veciños da Puebla de Ochamada. Estes ceden á orde varias terras en Coria a cambio de outras en Santa María de Nogueira, que lles son cedidas vitaliciamente. [TORRES, 1763: I, 542-543; PALACIOS, 2000: 379, doc. 533]

## 8. A XESTIÓN DO PATRIMONIO

### 8.1. Foros

A imposibilidade de cultivo directo das terras, etc., aconsellaba a cesión a terceiros, por un tempo estipulado, a cambio do pagamento dunhas cantidades. Son os foros.

Temos atopado na documentación referencias 15 contratos forais ou de censo, pero son poucos os que fan referencia expresa ás condicións que debían cumprir os aceptadores do foro. Algúns falan de rendas monetarias, outros son mixtos (monetarias e en especie). O caso máis gravoso é un do ano 1220, no cal o aforado debe entregar a metade do viño e a terceira parte do liño, pan e outros produtos.

Respecto da duración, a máis normal, sobre todo a finais do século XIV e no XV, era de tres voces, especificando unha delas que, ademais, o foro duraba 29 anos máis.

Por regra xeral, e o comendador o que realiza os contratos de foro, moitas veces co consentimento do mestre da orde. Pero, co tempo, o comendador terá poder para actuar con liberdade, iso si, non prexudicando á orde. E isto mercé ao poder que lle confire o mestre e o cabido da orde.

Por exemplo, o 12 de xaneiro de 1390, estando en Alcántara, o mestre da orde, Martiño Iáñez de Barbudo, outorga poder a Xil Rodríguez, comendador da Batundeira e do que ten a orde “en el llano de Castilla”, Ribeira do Avia e Reino de Galiza, para que poida requirir, demandar, recibir, ter, cobrar, arrendar e aforar todas as cousas pertencentes á orde en ditas terras. [CARRO, 1953: 132-135; PALACIOS, 2000: 511-513, doc. 734]

Di unha parte do documento:

...conozemos et otorgamos que damos todo nuestro poder conplido por esta cata a vos Gil Rodriguez, nuestro caballero comendador de la Batondera, et de lo que la dicha orden ha en el llano de Castilla et en el Ribero de Avia et de todas las otras cosas que a la dicha comienda pertenesçen et pertenesçer deben en qualquier manera en el regno de Galicia.. [...] Otrósí vos damos todo nuestro poder conplido para que por nos et por la dicha orden podades arrendar et arrendedes et aforar et aforesdes todos los casares et suelos et molinos et açenas et huertas et vinnas et otras cosas algunas, que a esta dicha encomienda pertenesçen en qualquier manera que vos entendades que es más pro de nos et de nuestra orden. Et otrósí que podades arrendar et aforar todas las sobredichas cosas o parte dellas a qualquier et qualesquier persona et personas que vos quisierdes, et por el tiempo o tienpos et por el preçios o preçios que vos quisierdes...

A presión da nobreza, ou de cargos reais, sobre institucións relixiosas é unha constante sobre todo nos séculos XIV e XV. Noutro lugar vimos como a orde de Alcántara estaba isenta do pagamento do “xantar real” en Galiza.

Xa en época de Sancho IV a orde sufría estes atopelos. E, nun privilexio de 13 de setembro de 1285, o rei ordena aos meiriños, portazgueiros, xuíces e alcaldes de Galiza que

protexan os bens da orde de Alcántara e impidan que, por eles, lles sexa demandada contribución algunha con destino á defensa do reino contra dos musulmáns. [TORRES, 1763: I, 421, con data 12-9-1285; PALACIOS, 2000: 237-239, doc. 365; NOVOA, 2000: 135].

Este documento é moi interesante para o que estamos a tratar agora, xa que trae referencias aos foros:

E otrosi me dixeron que algunos comendadores de orden dieron heredades a fuero a ciertos omes de la tierra, que las labrasen. E estos tomase de los caualleros e por esta razón pierde la orden los fueros e los derechos que les deuen a dar de las heredades.

Débese avisar ao rei, tamén

...de las heredades que dieron que las forciaron, e delas heredades que dieron a labrar a fuero cierto. E los juzges de las tierras de los los lugares das heredades con que fagades venir ante vos, los gijos e los pobladores e los forciadores de que el maestro e los comendadores o sus procuradores, se querellar e si assi os gada de los que dexen las heredades de la orden, los padres en so vida como las queren a dexar a so finamiento por ellas e las forciadas e las heredades que los pobladores recibieron con enmenda de los fueros e de la forcia e de los fueros así como fuero e derecho es.

Na nosa opinión, o documento que mellor recolle un arrendamento foral de bens da orde de Alcántara en Galiza é o seguinte:

1385, xullo, 22. Chantada. Nuno Peres do Campo, comendador de Batondeira e de todos os bens alcantarinos no reino de Galiza, outorga escritura de foro de todos os casares, herdades, casas, soutos e viñas que a orde de Alcántara ten na freguesía de Santa María de Nogueira, no alfoz de Chantada, a favor de Vasco Gómez das Seixas e da súa muller Elvira Álvarez Osorio. [CARRO, 1953: 135-136; PALACIOS, 2000: 496-497, doc. 716]

...a foro a vos, Vasco Gomes das Seixas, et a vosa muller, Elvira Alvares Osorio, por en toda vosa vida de anbos et apus vosa morte a hun fillo ou filla dos que anbos ouberdes de consuun, et se fillos non ouberdes a huna persona qual nomear, o postremera de vos, todos los casares et herdades et casas et soutos et vinnas que a dita orden de Alcántara ha en na frigesía de santa María de Nugeira he en no alfoz de Chantada; por tal pleito que vos que façades labrar et parar ben as ditas herdades aos foreiros que teen a foro et tenan as casas feitas et cubertas et en bôd estado, et tragan as ditas herdades requiridas et desealleadas commo se non partan nen en alleen da dita orden. Et cunplades et gardedes aos foreiros das ditas herdades as cartas et posturas et verbos que teen con a dita orden das ditas herdades. Et aiades para vos por todos los novos et froitos et proes et çensos et direitos que ende da dita orden perteeçen et ha d'aber. Et por esta carta mando aos foreiros que teen as ditas herdades aforadas ou en outra maneira qualquer, que vos recudad et den de cada anno todo aquello que ende ha d'aber a dita orden de Alcantara, et que diades ende cada anno ao comendador de Batondeira por dia de san Martino de novembro çinquoéenta morabetinos de dez dineros brancos cada morabetino, desta moneda que ora corre ou en outra moneda qual correr en no reino. Et estos ditos çinquoéenta morabetinos quos diades et paguedes cada anno en paz et ensalvo en na vila de Chantada ou a aiglesia de Nugeira por lo día de san Martino, et a dita orden faranvos de paz estas ditas herdades por lo tienpo sobredito a salvo fique ao comendador que for na dita orde de fazer foro et foros algunos das ditas herdades et de parte delas se ora y están vagas ou se vagaren no dito tenpo que seian conplida dita orden, et o foro que ouvieren a dar de cada anno, que o dian por lo tenpo sobredito. Et eu Elvira Alvares Osorio, muller do dito Vasco Gomes, así reçebo o dito foro das ditas herdades segudo e como vos dades para min et para o dito meu marido et para a dita persona, et prometo de pagar cada anno os ditos çinquoéenta morabetinos. Outrosí por este ben et ajuda que nos vos



fazedes dou et outorgo aa dita orden que aia por jur de herdade para senpre todos los souts et castannas que ora Fernado Arás de Nogueira ten a foro que foron de dona Orraca de Temêes, quel dela aforou et que conpreu o dito Vasco Gomes, que jazen en na frigesia de santa Maria de Nogueira, por tal condiçión que o dito Vasco Gomes et eu et a dita persona que tennamos as ditas castannas et souts con este dito foro, et aa morte de nos tres sobreditos, as ditas herdades que nos vos aforades et con estes souts et castannas que vos eu dou por engapamento fiquen da dita orden libres et quitas et ben paradas. Et eu o dito comendador así recebo engapamento, segudo como vos dades para dita orden.

As referencias a foros que aparecen na documentación, ademais do citado, son estas:

**1220, xaneiro, 4:** Herdades a censo en Sancto Donas, a cambio do pagamento anual do 50 por cento da colleita de viño, e un tercio da de pan, liño e demais productos. [TORRES, 1763: I, 200; PALACIOS, 2000: 37, doc. 70; NOVOA, 2000: 133]; **1223:** Entrega dunha terra a censo. [PALACIOS, 2000: 45, doc. 81]; **1224, novembro, 15:** Entrega a foro certos bens da orde a Xoán de Verdoin, a cambio dos cales o beneficiario se compromete ao pagamento de diñeiro e pan. [TORRES, 1763: I, 232; PALACIOS, 2000: 49, doc. 91]; **1226, enero, 26:** Entrega a foro a herdade de Cedido (preto de Allariz), que a orde posuía en “Congelo”. [TORRES, 1763: I, 234; PALACIOS, 2000: 50, doc. 94; NOVOA, 2000: 135]; **1238, xaneiro, 9:** “..quandam vineam eue iacet in loco qui dicitur Nazar, sicut dividitur per hereditatem quam tenet Stephanus Iohannis a fratribus de Alcantara”. [DURO, 1996: 158, doc. 172]; **1246, xullo, 17:** Foro a tres voces de bens que a orde posuía na vila de *Viade*. [TORRES, 1763: I, 311; PALACIOS, 2000: 109, doc. 205]; **1258, decembro, 6:** “cum uinea fratrum de Asmeses quam nos tenemus”. [DURO, 1973: 94-95, doc. 320; DURO, 1996: 265-266, doc. 320; PALACIOS, 2000: 180, doc. 290; FREIRE, 1998: II, 617]; **1271, xullo, 11:** Foro de terras da orde en Mériz, a cambio dun censo anual que tiña que satisfacer ao mordomo do comendador. [TORRES, 1763: I, 391; PALACIOS, 2000: 212, doc. 334]; **1310, decembro, 21:** Foro de varias terras pertencentes ás encomendas de Das Meres [Armeses] e da Batundeira. [TORRES, 1763: I, 489; PALACIOS, 2000: 310, doc. 460]; **1396, xullo, 29:** Foro de todas as herdades, casas, souts e viñas que a orde de Alcántara tiña na freguesía de Santa María de Nogueira por renda de 50 marabedís. [CARRO, 1953: 130-137; PALACIOS, 2000: 517, doc. 745]; **1402, xuño, 3:** Foro a Pedro Alvarez Osorio, á súa muller Beatriz e dúas voces máis da metade do couto de Nogueira coa metade do señorío do couto, por 60 marabedís anuais, coa obriga de morar en ditas herdades e traballalas. [PALACIOS, 2000: 522, doc. 754]; **1415, novembro, 16:** Foro a Gómez Ares de Marzo, á súa muller e ao seu herdeiro, por 29 anos a partir do 1 de xaneiro de 1416, dos casares de Naballo de Fondo, Lagariza, a leira de Pimenta e todas as herdades da orde na freguesía de Santa María de Nogueira e o señorío que lle pertencía na metade do couto de Nogueira por 50 marabedís e outras condicións. [PALACIOS, 2000: 551-552, doc. 797]; **1441, abril, 9:** Foro a Roi López de Nogueira, á súa muller e a dúas voces todas as herdades que pertencían á orde no couto e freguesía de Santa María de Nogueira e a metade do señorío do couto de Nogueira por 60 marabedís, debendo deixar á orde de Alcántara, ao finalizar ese tempo, unha leira de viño de catro cavaduras. [PALACIOS, 2000: 681, doc. 932]

## 8.2. Cesiões

Noutras ocasións, a orde cede as súas propiedades, xeralmente con algunha contraprestación. Por exemplo, en 1222 García Sánchez, mestre de Alcántara e do Pereiro,

e Gonzalo Iáñez, mestre de Calatrava, co consello dos freires que estaban presentes, dan o mosteiro de Armeses á condesa dona Sancha, coa condición de que o teña sempre poboado con un freire ou freira da orde. Á morte da condesa, o mosteiro quedaría para á orde de Calatrava. [TORRES, 1763: I, 218; ORTEGA, 1759: f. 24; PALACIOS, 2000: 42-43, doc. 77; CORRAL, 1999: 333, doc. 22; NOVOA, 2000: 133]

### 8.3. Os dezmos

Respecto do pagamento de dezmos, so coñecemos un documento de 1250, no cal o arcediogo Xoán García, árbitro designado para solucionar o contencioso que enfrontaba a Rodrigo Fernández, comendador en Galiza da orde de Alcántara, con Xoán Muñiz, prelado de San Miguel de Armeses, sobre os dezmos devengados por tres casais da orde situados no termino da igrexa, determina que os freires debían pagalos en tanto cultivaran os aludidos casais. [TORRES, 1763: I, 320; PALACIOS, 2000: 114, doc. 217; NOVOA, 2000: 133]

## 9. A ENCOMENDA DA BATUNDEIRA

“Muy escasas noticias se han publicado sobre la que también fue denominada “Encomienda de la Batundeira y Juro de Badajoz”. El Sr. Fernández Alonso la cita en la relación de cotos y jurisdicciones próximas a Orense en la pág. 437 de su “El Pontificado Gallego. Crónica de los obispos de Orense” (1897) tratando de la prelatura del Sr. Tricio de Areuzana, sin ninguna determinación”. Así comeza Ramón Otero Pedrayo o seu breve e pioneiro artigo sobre a encomenda da Batundeira. [OTERO, 1961: 255]

Porque, ademais deste texto, pouco é o que se ten escrito sobre esta encomenda: meras referencias nominais de Olga Gallego [1977: 34-38], Xesús Ferro Couselo [1996] e Emilio Duro Peña [1972: 10], e o breve artigo de José Estévez Puga [2000: 90-97].

O lugar da Batundeira localízase na parroquia de Velle, a uns tres quilómetros augas arriba das pontes de Orense”. Como di Otero, con “riberas profusamente arboladas en cuesta peñascosa con un resalte llano, sobre el Miño, paisaje bastante diferente del más suave del centro de Velle y de la fina matización de los términos de La Lonia. Se encuentra en el antiguo y actual camino de Orense a los Tres Rios y Monforte de Lemos, no lejos de Casdemiro, la nombrada patria del P. M. Feijóo. [OTERO, 1961: 255] Esta parroquia era couto do mosteiro de San Pedro de Rocas, aínda que supoñemos que dito acoutamento non incluía o lugar da Batundeira; de feito, nun documento dese mosteiro, lemos que o mosteiro afora unha viña “que jas en Martín Codeiro, así como parte con vina de Johan Brinquo e da de Gonçalvo de Fontaao a fondo para o vallado da Batundeira a fondo”. [DURO, 1972: 226-227, doc. 132]

### 9.1. Nacemento da encomenda da Batundeira

¿Cando se constitúe a encomenda da Batundeira? Novoa afirma que o primeiro documento onde se cita expresamente a un comendador da Batundeira leva data de 1385: sería unha escritura de foro que fai Nuño Pérez, comendador da Batundeira, de bens na freguesía de Santa María de Nogueira, no alfoz de Chantada. [NOVOA, 2000: 135, nota 404; CARRO, 1953: 135-136]. Porque, aínda que como el mesmo recoñece, Torres y Tapia menciona en diversas ocasións ao «comendador de lo que la Orden de Alcántara tiene en Galicia», ou cita expresamente a un comendador da Batundeira, tamén por primeira vez, durante a vida do mestre Pedro Iáñez (entre 1234 y 1253), esta cita é puramente textual, sen

aparecer institucionalizado nun documento. [TORRES, 1763: I, 339; NOVOA, 2000:135, nota 405].

E continúa

No tenemos constancia de que esa expresión estuviera en los documentos originales, pero, aunque así fuera, la encomienda de la Batundeira no parece consolidarse hasta bien entrado el siglo XIV, como lo demuestra la ausencia de su posible comendador en dos hechos significativos: en la donación de un privilegio de exención de yantares en Galicia que Fernando IV hace a la Orden en el año de 1310 y en la destitución del maestre don Rodrigo Vázquez, ocho años más tarde. [NOVOA, 2000: 135]

Sen embargo, a realidade contradí a hipótese deste autor, achegándose máis aos sustentado por Torres y Tapia. Así, nun documento do ano 1249, polo cal Xoán Díaz confirma ao mosteiro de Oseira e ao seu abade todas as doazóns e vendas que a súa avoa Ximena outorgara ao mosteiro, entre as testemuñas presentes aparece “Munione Martín comendatore da Batundeyra”. [ROMANÍ, 1990: II, 583-584, doc. 623] Este documento non aparece recollido no catálogo de Palacios nin no estudio de Novoa.

Sobre a ausencia do comendador da Batundeira en actos importantes da orde, hai que ter en conta que, debido ao seu afastamento xeográfico do núcleo de propiedades da mesma, localizado en Extremadura, debía ser moi complicado poder asistir con regularidade a moitos dos actos da orde. Pero, como agora veremos, o grande número de documentos datados na primeira metade do século XIII fan supoñer que a encomenda estaba perfectamente institucionalizada.

A análise da documentación permítenos vislumbrar varios núcleos nos que se concentran as propiedades dependentes da Batundeira. Ademais, hai outras posesións dispersas ou que, pola parquedade do documento, non podemos localizar.

## 9.2. Núcleo da Batundeira

A primeira noticia que nos confirma a posesión da Batundeira por parte da orde de Alcántara aparece nunha bula de Gregorio IX, datada en Letrán o 16 de xuño de [1238] (aínda que outros autores varían o ano entre 1229 e 1235). O pontífice, a imitación dos seus predecesores Lucio III e Inocencio III, acolle baixo da súa protección a casa do mestre e freires de San Xulián de Pereiro, confirma as súas propiedades incluíndo completa relación das mesmas, e ratifica privilexios concedidos con anterioridade como o de exención de dezmos ou protección fronte a sentencias de excomuniión ou entredito; arbitra, ademais, medidas de amparo xurídico para os membros da orde e garantiza a liberdade da súa institución. En Galiza, cítanse os seguintes bens: “villam de Conferta, quam habetis in Gallecia, cum possessionibus et pertinentiis suis; Batondeira cum possessionibus et pertinentiis suis... [Bulario de Alcántara, 42-45, con data 16-6-1235; PALACIOS, 2000: 88-93, doc. 169; TORRES, 1763: I, 289-290, con data 16-6-1237]

En 1249 (xa o vimos antes) constatamos a existencia dun comendador na Batundeira, Munione Martín, que aparece como testemuña dun documento no que Xoán Díaz, fillo de dona Tareixa Iohannis, confirma ao mosteiro de Oseira e ao seu abade don Mendo todas as doazóns e vendas que a súa avoa dona Ximena outorgara ao mosteiro. [ROMANI, 1990: II, 583-584, doc. 623]

Moi preto da Batundeira, o 11 de xullo de 1271, estando en Ourense, Pedro Fernández, comendador dos bens de Alcántara en Galiza, cede a foro as terras que a orde posuía en

Mériz a Xoán Pérez, milite de Rivela, a cambio dun censo anual que tiña que satisfacer ao mordomo do comendador. [TORRES, 1763: I, 391; PALACIOS, 2000: 212, doc. 334] Meriz está na parroquia de San Xoán de Coles (non de Caldas, como di Portela) no concello de Coles.

O 8 de maio de 1310, estando en Sevilla, Fernando IV, en resposta a unha queixa de Gonzalo Pérez, mestre de Alcántara, e como resultado da correspondente pesquisa, confirma á orde de Alcántara a exención do cobro de xantares reais en Galiza. Menciónanse os lugares de Batundeira e Couxil, nos cales Arias Iáñez de Ourense e Xoán Iáñez de “Pigigeyro” entraran e, co pretexto de demandar o xantar real, colleron unha cuba de viño de 20 moios e 20 bois e vacas. [Bulario de Alcántara, fols. 143r-146v; PALACIOS, 2000: 305-307, doc. 456; ARCAZ, 1995: 142; NOVOA, 2000: 135]

Neste mesmo ano de 1310, o 21-XII, estando en Ourense, Mariño Iáñez, comendador das posesións da orde de Alcántara en Galiza, en virtude do poder concedido polo mestre Gonzalo Pérez, entrega a foro varias terras pertencentes ás encomendas de Das Meres [Armeses] e de Batundeira. [TORRES, 1763: I, 489; PALACIOS, 2000: 310, doc. 460]

### 9.3. Núcleo de Armeses

O lugar de Armeses radica na parroquia do mesmo nome no concello ourensán de Maside.

A noticia inicial aparece nun documento do ano 1222 García Sánchez, mestre de Alcántara e do Pereiro, e Gonzalo Iáñez, mestre de Calatrava, co consello dos freires que estaban presentes, dan o mosteiro de Armeses á condesa dona Sancha, coa condición de que o teña sempre poboado con un freire ou freira da orde. Á morte da condesa, o mosteiro quedaría para á orde de Calatrava. Ademais dos mestres, foron testemuñas do documento Ferrat Gonstiz, monxe de Oseira; os cabaleiros Suer Díaz, Lopo Verexáñez, Fernando Gutiérrez de Castrelo, Xoán Fernández, seu fillo, Pedro Iáñez Dorantes, don Tomé, dona Urraca Pedrez, dona María Fernz e dona María Moniz. Redactou o documento frei Hilario, e estivo tamén presente frei Lamberto, capelán do mestre de Alcántara. [TORRES, 1763: I, 218; ORTEGA, 1759: f. 24; PALACIOS, 2000: 42-43, doc. 77; CORRAL, 1999: 333, doc. 22; NOVOA, 2000: 133]

¿Cómo chegou o mosteiro de Armeses a mans da orde? Descoñecémolo. En todo caso, tivo que ser antes de 1222.

16 anos despois, o 9 de xaneiro de 1238, nunha carta de foro a Abril Iáñez dunha viña en Nazara, pola metade do froito, e dunha seara que foi do chantre de Ourense don Lourenzo á beira da Torre vella, pola tercia, “in cauto de Ceeli” [Cenlle], lemos:

..quandam vineam eue iacet in loco qui dicitur Nazar, sicut dividitur per hereditatem quam tenet Stephanus Iohannis a fratribus de Alcantara et per aliam hereditatem quam tenet idem Stephanus Iohannis a nobis sicut ducit ad caminum”. [DURO, 1996: 158, doc. 172].

Nazara é un lugar da parroquia de Santa María de Cenlle, no concello do mesmo nome.

Xusto a mediados de século, en 1250, o arceidiago ourensán don Xoán García, designado árbitro nun contencioso que enfrontaba a don Rodrigo Fernández, comendador en Galicia da orde de Alcántara, con Xoán Muñiz, prelado de San Miguel de Armeses, sobre os dezmos devengados por tres casais da orde situados no termino da igrexa, determina que os freires debían pagalos en tanto cultivaran os aludidos casais. [TORRES, 1763: I, 320; PALACIOS, 2000: 114, doc. 217; NOVOA, 2000: 133]

O 6 de decembro de 1258 Xoán Peláez vende ao tesoureiro ourensán Xoán Peláez unha viña situada no lugar de Cortinal, en “Nazar”, término de Cenlle. [DURO, 1973: 94-95, doc. 320; DURO, 1996: 265-266, doc. 320; PALACIOS, 2000: 180, doc. 290; FREIRE, 1998: II, 617]

Días despois, o 23 de decembro do mesmo ano 1258, Miguel Peláez vende ao citado tesoureiro unha leira en “Nazar” (Cenlle), no lugar chamado Bouzas, lindando esta “per hereditatem fratrum ordinis de Alcantara”. [DURO, 1973: 95, doc. 321; DURO, 1996: doc. 321, páx. 266].

1288, outubro, 9. O deán e cabido da catedral de Ourense entregan a foro unha viña en Peña, término de Puga, a favor de Tomás Pérez, rector da igrexa de Astariz; a viña está situada xunto ás que ten a orde de Alcántara no lugar de Troncoso, preto do Miño. Estes bens procedían da orde de Calatrava. [DURO, 1973: 138, doc. 495; DURO, 1996: 388-389, doc. 495; PALACIOS, 2000: 247, doc. 379] Troncoso é un lugar da parroquia de Astariz, no concello de Castelo de Miño.

1310, decembro, 21. Ourense. Frei Mariño Yánez, comendador das posesións da orde de Alcántara en Galiza, en virtude do poder concedido polo mestre Gonzalo Pérez, entrega a foro varias terras pertencentes ás encomendas de Das Meres [de Armeses] e de Batundeira. [TORRES, 1763: I, 489; PALACIOS, 2000: 310, doc. 460] Non sabemos de que terras se trata en concreto.

A última noticia de período medieval sobre Armeses encontrámola nun documento de 1487. Nunha visita pastoral á diocese de Ourense, dísenos: «Armeses y anejo de Sanfíz. Presenta Jure devoluto. El anejo lo presenta el monasterio del Sar. Tiene 13 vecinos. Alonso de Novoa, Comendador de la Batundeira, llevaba por fuerza la mitad de los «décimos de todo o pan e primicias». Tiene cáliz de plomo matriz y anejo». [ESTÉVEZ, 2000: s/p]

#### 9.4. Núcleo de Ribadavia

Xa na primeiro tercio do século XIII, no reinado de Afonso IX, a orde está presente na vila de Ribadavia, cabeceira da comarca vitivinícola do Ribeiro. No denominado “Tumbo das viñas de Ribadavia” lemos:

..na rua de san martino de alende a ponte [ten] alcantara duas casas..”. “Estas son elas vinas que an e las ordenes enno coto del burgo...[...]De la lera de martin gomariz dan cada anno.X. sueldos e medio a alcantara... [GALLEGO, 1986: 162, 163].

Alcántara ten, por tanto, dúas casas e unha leira de viña, polo menos.

Quizais porque estaba próxima a propiedades da orde, en 1253 Alcántara entrega ao bispo de Ourense unha herdade que posuía en Ribadavia, a cambio de outra pertencente á igrexa de San Martiño de Ourense, situada nesa mesma localidade. [TORRES, 1763: I, 331; PALACIOS, 2000: 122, doc. 229; NOVOA, 2000: 86]

Nas proximidades de Ribadavia, en Beade, o 17 de xullo de 1246 frei Nuño Morán, con autorización do mestre e convento de Alcántara, cede a foro a favor de N. Fernández, a súa muller Marina Pérez e os seus fillos, certos bens que a orde posuía na vila de *Viade*. [TORRES, 1763: I, 311; PALACIOS, 2000: 109, doc. 205]

Anos despois, en setembro de 1280 frei Xoán, comendador dos bens que posúe a orde de Alcántara en Galiza, merca a Pedro Iánez, veciño de “Porigol”, as súas propiedades en “Viade”. [TORRES, 1763: I, 402; PALACIOS, 2000: 222, doc. 346] A orde vai incrementando, así, o seu patrimonio nesta localidade.

O 22 de xeneiro de 1287 frei Afonso Pérez Pereira, comendador da orde do Hospital en Ribadavia, afora a Rodrigo Aras a herdade de Piñeiro, en Santa María de Beade:

...a nossa herdade de Piñeiros a qual foy de Pedro Cozado e a qual leixou a Sancta María Fernández en sua voz, assí como se começa ena lagea de Biade e como ven firir ena seara d'Alcantara e a qual parte, leira por leira, con os Aldrubas. [FERRO, 1996: 45; AZEVEDO, 1997: 137-138, doc. 57]

A orde de Alcántara non é allea aos abusos da nobreza e dos oficiais reais. Así, estando en Sevilla, o 8 de maio de 1310 o rei Fernando IV, en resposta a unha queixa de Gonzalo Pérez, mestre de Alcántara, e como resultado da correspondente pesquisa, confirma á orde de Alcántara a exención do pagamento de xantares reais en Galiza. Aínda que no documento non se mencionan abusos en Ribadavia (foran na Batundeira e Couxil) un dos comisionados para investigar foi Pedro Bernaldo de Ribadavia, que preguntou a homes bos de Ribadavia, e outros lugares, sobre o asunto, enviando ao rei o resultado da investigación en carta pechada e selada co selo de Pedro Lourenzo, notario público de Ribadavia. [Bulario de Alcántara, fols. 143r-146v; PALACIOS, 2000: 305-307, doc. 456; ARCAZ, 1995: 142; NOVOA, 2000: 135]

O proceso de concentración de bens debeu continuar, aínda que a documentación é escasa. Pero un documento, datado en Alcántara o 12 de xaneiro de 1390, permítenos manter a hipótese de que debían ser o suficientemente amplos como para que, cando o mestre Martiño Yáñez de Barbudo outorga poder a Xil Rodríguez, comendador da Batundeira para que poida requirir, demandar, recibir, ter, cobrar, arrendar e aforar todas as cousas pertencentes á orde, mencione que o é “en el llano de Castilla”, Ribeira do Avia e Reino de Galiza. [CARRO, 1953: 132-135; PALACIOS, 2000: 511-513, doc. 734]

De mediados do século XV é un interesantísimo documento, datado o 16 de novembro de 1454. Nel, Álvaro Paz Sovereira, morador na freguesía de San Miguel de Lebosende, no seu nome e no dos seus irmáns e irmás, doa ao mosteiro e convento de San Domingos de Ribadavia unha casa nese lugar. [ENRÍQUEZ, 1987: 83-84, doc. 17]

A casa, “que esta ena rua da Praça da villa de Ribadauia” é doada “eno tempo e voses en que esta aforada, como parte a dita casa con outra de Gonçaluo Perez da Praça e por outra que e de Catalyna Gonzales, con suas entradas e seydas direitos e dereituras”. O doador poñía como condición “que pagedes dela de foro a orden Dalcantara seys maravedis e que digades cada ano hua mysa cantada por la alma de Tereija Afonso miña avoa”. Os dominicos terían a casa con “todo jur, direito, voz, propiedade, señorío, auçon, posyson, que eu e os ditos meus yrmaos e yrmaas avemos ena dita casa”, e poderían “entrar et tomar a paçífica posyson da dita casa e para fazeredes dela o que quisedes e por bem touerdes sen meu embargo e dos ditos meus yrmaos e yrmaas e de nosas voses”, obrigándose o doador, sobre os seus bens e os das súas voces, a defender e amparar ao convento en todo o relacionado coa dita casa contra calquera persoa. Pola súa parte, frey Alvaro do Santo André e frei Diego de Parada, como doutores e procuradores do convento, reciben en nome del a dita casa, certificando que dito convento daría cada ano a mencionada misa “e depagaremos o dito foro segundo dito he...”.

Esta é a última noticia que temos atopado sobre propiedades de Alcántara en Ribadavia na Idade Media.

### 9.5. Núcleo de Troncoso-Couxil

Nos lugares de Couxil, na parroquia do mesmo nome do concello de Cartelle, e Troncoso, na parroquia de Astariz, no concello de Castrelo de Miño, a orde de Alcántara posuía unha serie de bens que procedían da de Calatrava, e que recibira mercé ao acordo de 1218. Lembremos que na bula de confirmación do papa Gregorio VIII, de 4 de novembro de 1187, aparecen como propiedades da orde de Calatrava en Galiza:

Pinos en Galicia cum pertinentiis suis. Cougeli in Galicia iuxta Alleriz cum pertinentiis suis. Domum de Alleriz et domos de Troncosa super Minium, cum vineis et terris et pertinentiis suis. [ORTEGA, 1981: 23, 33, 44]

Identificamos a “Cougeli” é Couxil. Cremos que esta identificación confirma documentos posteriores, que agora veremos. Non estamos seguros de a que lugar se refire “Pinos”. ¿Quizais Piñor?

Poucos anos despois desa cesión, o 26 de xaneiro de 1226, Pedro Pérez, comendador de Alcántara en Galiza, a instancias do mestre García Sánchez, entrega a foro a herdade de “Cededo”, que a orde posuía en “Congelo” [Couxil], a Fernando Méndez. [PALACIOS, 2000: 50, doc. 94; NOVOA, 2000: 135].

Pasarán máis de 60 anos para que teñamos outra referencia documental. O 9 de outubro de 1288 o deán e cabido da catedral de Ourense entregan a foro unha viña en Peña, término de Puga, a favor de Tomás Pérez, rector da igrexa de Astariz; a viña estaba situada xunto ás que tiña a orde de Alcántara no lugar de Troncoso, preto do Miño. [DURO, 1973: 138, doc. 495; DURO, 1996: 388-389, doc. 495; PALACIOS, 2000: 247, doc. 379; ESTÉVEZ, 2000: s/p]

1310, maio, 8. Sevilla. Fernando IV, en resposta a unha queixa de Gonzalo Pérez, mestre de Alcántara, e como resultado da correspondente pesquisa, confirma á orde de Alcántara a exención do cobro de xantares reais en Galiza. Menciónanse os lugares de Batundeira e Couxil, nos que os recadadores reais colléranlle á orde unha cuba con 50 moios de viño e 20 bois e vacas. [Bulario de Alcántara, fols. 143r-146v; PALACIOS, 2000: 305-307, doc. 456; ARCAZ, 1995: 142; NOVOA, 2000: 135]

Volvemos ter noticias deste lugar no ano 1420, cando Álvaro Fernández, comendador da Batundeira, con poder outorgado pola orde en 1411, afora a Pero López de Mosqueira o Vello e á súa muller Sancha González, e a dúas voces máis en 300 marabedís, os coutos de Couxil e Couxiliño (que Gallego sitúa erroneamente na freguesía de Santa María de Toén), e o de Troncoso, situados na parroquia do mesmo nome do concello de Cartelle e na parroquia de Astariz, concello de Castrelo de Miño, respectivamente. [GALLEGO, 1999: 124.]

Catro décadas despois, en 1463, Pedro de Castro, comendador da Batundeira, afora a Afonso Vázquez do Vilar, veciño e rexedor de Ourense, á súa muller Violante López Mosqueira, filla de Pero López, e a cinco voces máis, en 500 maravedís, os mencionados coutos de Couxil, Couxiliño e Troncoso. [GALLEGO, 1999: 124].

E xa entrado o século XVI, Pedro Vázquez de Puga, alcaide do castelo de Roucos, está, en 1504, en poder do foro dos tres mencionados coutos. [GALLEGO, 1999: 124].

### 9.6. Núcleo de Allariz

Na mencionada bula de confirmación do pontífice Gregorio VIII, de 4 de novembro de 1187, á orde de Calatrava, sabemos que dita institución tiña no noso país:

Pinos en Galicia cum pertinentiis suis. Cougeli in Galicia iuxta Alleriz cum pertinentiis suis. Domum de Alleriz et domos de Troncosa super Minium, cum vineis et terris et pertinentiis suis. [ORTEGA, 1981: 23, 33, 44]

Os bens de Allariz foran doados polo conde Fernando Ponce e a súa dona a condesa dona Estefanía en 1183:

...illas casas et de vinea et de horto, quas comparavimus de Nuno Bravo, cum toda sorte, que mihi provenerit de illa populatione de Alleriz, tam in haereditatibus, quam in vineis, quam in casis, quam in omnibus, que ibi pro ratione mea acciderint, totum cum illis, que superius nominavimus, damus et concedimus domus de Calatrava, ut habeatis et possideatis iure haereditario in secula seculorum, ob remedium anime mea et parentum meorum". [ORTEGA, 1981: 18-19]

Esta é a única noticia que temos sobre propiedades de Alcántara na vila de Allariz.

### 9.7. Núcleo da Gudiña

Situada no leste da provincia de Ourense, e atravesada por unha importantísima vía de comunicación con León e Castela, está o montañoso concello da Gudiña. Tamén alí posuía a orde de Alcántara algunhas propiedades.

Coñecemos a súa existencia por unha concordia que, en 1222, fai G., abade do mosteiro cisterciense de Montederramo, co seu convento, co mestre de Alcántara, Gonzalo Iáñez, con García Sánchez e cos freires de Alcántara, sobre “villulis illis quae dicuntur *Coneleva* et *Lamas de Godina* [Gudiña] et *Canizio* [parroquia de Santa María de Cañizo, A Gudiña] cum *Felgueiras* et *Sameiron* [Santa María de Tameirón, A Gudiña], cum omnibus terminis qui ad praedictas villas pertinerint”. O acordo consistía en que Montederramo tería a metade desas vilas “cum omnibus lucris quae de villulis supradictis exierint ad maximam rem usque ad minimam”, e os freires de Alcántara igual na súa metade. Exceptuábase o portádego, establecéndose que o posuíse quen conseguise que o rei llo deixase íntegro.

Montederramo e Alcántara serán, nesas vilas, “semper quasi germani et confratres”, e nunca entre eles faríanse contrariedades, “et si forte nos vel illi de rege vel de aliquo homine aliquam haereditatem vel aliquam rem infra terminos supranominatarum villarum lucrari poterimus, illam quasi germani et fratres unius ordinis habeamus”. [PALACIOS, 2000: 43-44, doc. 78].

Non demos localizado Coneleva, Lamas de Godina e Felgueiras, pero cremos que son lugares situados na Gudiña.

Estas propiedades quizais tamén pertenceron á orde de Calatrava.

Tampouco temos máis noticias sobre estes lugares.

### 9.8. Núcleo de Nogueira de Miño (Chantada-Lugo)

As propiedades da orde de Alcántara localízanse na parroquia de Santa María de Nogueira de Miño, no concello de Chantada.

É no primeiro tercio do século XIV cando temos a primeira noticia. O 9 de xullo de 1331, estando na vila estremeña de Coria, Gómez Arias, a súa esposa María Fernández, e o seu fillo Gómez Arias, veciños da Puebla de Ochamada, ceden a Alvar Fernández, comendador maior de Alcántara, en nome do mestre e da súa orde, varias terras en Coria a cambio de outras na parroquia de Santa María de Nogueira, que lles son cedidas vitaliciamente. [TORRES, 1763: I, 542-543; PALACIOS, 2000: 379, doc. 533]



Non volvemos ter noticias ata medio século despois. O 22 de xullo de 1385, estando en Chantada, Nuño Pérez do Campo, comendador de Batundeira e de todos os bens alcantarinos no reino de Galiza, outorga escritura de foro de todos os casares, herdades, casas, soutos e viñas que a orde tiña na freguesía de Santa María de Nogueira, no alfoz de Chantada, a favor de Vasco Gómez das Seixas e da súa muller Elvira Álvarez Osorio, e despois da súa morte a un fillo ou filla, e se non tivesen fillos, a unha persoa que nomeasen.

A condición era “que vos que façades labrar et parar ben as ditas herdades aos foreiros que teen a foro et tenan as casas feitas et cubertas et en bôê estado, et tragan as ditas herdades requiridas et desealleadas commo se non partan nen en alleen da dita orden. Et cunplades et gardedes aos foreiros das ditas herdades as cartas et posturas et verbos que teen con a dita orden das ditas herdades. Et aiades para vos por todos los novos et froitos et proes et çensos et dereitos que ende da dita orden perteeçen et ha d’aber. Et por esta carta mando aos foreiros que teen as ditas herdades aforadas ou en outra maneira qualquer, que vos recudad et den de cada anno todo aquello que ende ha d’aber a dita orden de Alcantara, et que diades ende cada anno ao comendador de Batundeira por día de san Martino de novembro çinquoénta morabetinos de dez dineros brancos cada morabetino, desta moneda que ora corre ou en outra moneda qual correr en no reino. Et estos ditos çinquoénta morabetinos quos diades et paguedes cada anno en paz et ensalvo en na vila de Chantada ou a aiglesia de Nugeira por lo día de san Martino, et a dita orden faranvos de paz estas ditas herdades por lo tienpo sobredito a salvo fique ao comendador que for na dita orde de faz er foto et foros algunos das ditas herdades et de parte delas se ora y están vagas ou se vagaren no dito tenpo que seian conplida dita orden, et o foro que ouvieren a dar de cada anno, que o dian por lo tenpo sobredito”.

Pola súa parte, Elvira Alvares Osorio, muller do dito Vasco Gómez, recibiu o dito foro nas condicións estipuladas, prometendo pagar o establecido. E, ademais, “por este ben et ajuda que nos vos fazedes dou et outorgo aa dita orden que aia por jur de herdade para senpre todos los soutos et castannas que ora Fernando Arâs de Nugeira ten a foro que foron de dona Orraca de Temêês, quel dela aforou et que conpreu o dito Vasco Gomes, que jazen en na frigesía de santa María de Nugeira, por tal condición que o dito Vasco Gomes et eu et a dita persona que tennamos as ditas castannas et soutos con este dito foro, et aa morte de nos tres sobreditos, as ditas herdades que nos vos aforades et con estes soutos et castannas que vos eu dou por engagemento fiquen da dita orden libres et quitas et ben paradas. Et eu o dito comendador así reçoibo engagemento, segudo como vos dades para dita orden”

Ambas as dúas partes aceptan as condicións, prometéndoas cumprir, estipulándose que o que non o fixera pagaría á voz do rei “medio mille morabetinos”, obrigándose cos seus bens. [CARRO, 1953: 135-136; PALACIOS, 2000: 496-497, doc. 716; IZQUIERDO, 1983: 189, 231, nota 409].

O foro renóvase uns anos despois, debido á morte do marido de Elvira e o seu posterior casamento. O 29 de xullo de 1396, estando na casa forte de Freán, o comendador da Batundeira, Xil Rodríguez, afora á mencionada Elvira Álvarez Osorio, casada agora con Roi Gómez de Neira, todas as herdades, casas, soutos e viñas que a orde tiña na freguesía de Santa María de Nogueira, por renda de 50 marabedís, segundo o foro que a orde fixera con ela e o seu anterior marido. [CARRO, 1953: 130-137; PALACIOS, 2000: 517, doc. 745; IZQUIERDO, 1983: 189, 231, nota 409].

Un lustro despois Pedro Godín, comendador da Batundeira, estando nos “pazos novos” de Monforte o 3 de xuño de 1402, afora a Pedro Álvarez Osorio, señor de Cabrera e Ribera, á súa muller Beatriz e a dúas voces máis, a metade do couto de Nogueira coa metade do señorío do couto, por 60 marabedís anuais, coa obriga de morar en ditas herdades e traballalas. [PALACIOS, 2000: 522, doc. 754]

Volverá cambiar de mans o foro. O 16 de novembro de 1415, estando en Ourense, frei Álvaro de Vilameá, comendador da Batundeira, en virtude do poder que lle outorgara Xoán de Soutomaior, gobernador da orde de Alcántara (Ayllón, 20 de agosto de 1411) – que se inclúe- arrenda a Gómez Ares de Marzo, escudeiro do conde Fadrique, á súa muller e ao seu herdeiro, por 29 anos a partir do 1 de xaneiro de 1416, os casares de Naballo de Fondo, Lagariza, a leira de Pimenta e todas as herdades da orde na freguesía de Santa María de Nogueira e o señorío que lle pertencía na metade do couto de Nogueira por 50 marabedís e outras condicións. [PALACIOS, 2000: 551-552, doc. 797]

E o 9 de abril de 1441 de novo cambia de mans o foro. Nesta data, Pedro Godín, comendador da Batundeira, afora a Roi López de Nogueira, á súa muller e a dúas voces máis todas as herdades que pertencían á orde no couto e freguesía de Santa María de Nogueira, e a metade do señorío do couto de Nogueira, por 60 marabedís, debendo deixar á orde, ao finalizar ese tempo, unha leira de viño de catro cavaduras. [PALACIOS, 2000: 681, doc. 932]

### 9.9. Outros lugares

Hai na documentación alcantarina referida a Galiza algúns documentos pouco explícitos á hora de citar os lugares, ou cando o fan é bastante dificultoso localizalos. Ímolos relacionar a continuación, por orde cronolóxica.

1220, xaneiro, 4. Frei Xoán Pérez de Subderena, comendador dos bens que a orde de Pereiro ten en Galiza, entrega a Arias Álvarez e a Maior Arias, a súa muller, unhas herdades a censo en Sancto Donas [quizais Sandiás], a cambio do pagamento anual do 50 por cento da colleita de viño, e un tercio da de pan, liño e demais productos. [TORRES, 1763: I, 200; PALACIOS, 2000: 37, doc. 70; NOVOA, 2000: 133]

1223. O comendador da orde de Alcántara en Galiza entrega unha terra a censo. [PALACIOS, 2000: 45, doc. 81].

1224, novembro, 15. Fernando Meléndez, comendador da orde de Alcántara en Galiza, a instancias do rei, entrega a foro certos bens da orde a Xoán de Verdoin, a cambio dos cales o beneficiario se compromete ao pagamento de diñeiro e pan. [TORRES, 1763: I, 232; PALACIOS, 2000: 49, doc. 91].

[1238], xuño, 16. Letrán. Gregorio IX, a exemplo dos seus predecesores os papas Lucio III e Inocencio III, acolle baixo da súa protección a casa do mestre e freires de San Xulián de Pereiro, confirma as súas propiedades incluíndo completa relación das mesmas. Dos bens situados en Galiza, non localizamos “villam de Conferta, quam habetis in Gallecia, cum possessionibus et pertinentiis suis”. [*Bulario de Alcántara*, 42-45, con data 16-6-1235; PALACIOS, 2000: 88-93, doc. 169; TORRES, 1763: I, 289-290, con data 16-6-1237]

1245. A orde de Alcántara merca herdades no reino de Galiza. [; PALACIOS, 2000: 106, doc. 198].

1259, agosto, 27. Toledo. Gonzalo Ibáñez de Novoa reconece a propiedade de Alcántara sobre diferentes coutos situados en Galiza que a orde cedera de maneira vitalicia ao seu

pai, Xoán Pérez, durante o mestrado do seu irmán Pedro Ibáñez. [TORRES, 1763: I, 375; PALACIOS, 2000: 189, doc. 299]

1290, febreiro, 10. Martiño Fernández, comendador do que posúe a orde de Alcántara en Galiza, merca a María García, veciña de Neira, unha terra e outros bens. [TORRES, 1763: I, 429; PALACIOS, 2000: 247, doc. 381]

1290, xaneiro, 20. Monterrey. Lopo Rodríguez de Nocado [Castrelo de Val] fai testamento dos seus bens. Nunha das mandas di: “Item mando a Ares d’Alcantara o meu perponto, o meu lorigon, a ma gorgeyra et cen mr. da guerra en dineyros polo que deles oue et meu capelo de fferro”. [AZEVEDO, 1997: 138-140, doc. 58] Se relacionamos este documento coa orde de Alcántara é polas seguintes razóns:

a) O nome do receptor, Ares de Alcántara. A única explicación para este topónimo é que, ou ben esa persoa era de Alcántara, ou era da orde do mesmo nome. Alcántara non é un topónimo galego.

b) Que se diga que foi “polo que deles oue”, entendendo que non se refire a unha persoa, senón a un grupo, unha institución. Se Ares representa a ese grupo, e disenos que é de Alcántara, é doado supoñer que era da orde.

c) Ademais, o que se lle cede son armas e diñeiro, realmente moi necesarias para unha orde militar.

Hai, por último, outros dous documentos que, se ben non se refiren á orde en Galiza, si figuran nela membros da orde. Nos dous documentos aparecen o escudeiro Gonzalo Vázquez e o seu irmán Afonso Vázquez, comendador da Mudela da orde alcantarina.

O primeiro documento está datado o 2 de febreiro de 1384, e nel Gonzalo, por si e polo seu irmán o comendador, afora a Fernán Domínguez e á súa muller María Pérez unhas casas na Rúa de Cima de Vila. [DURO, 1973: 235, doc. 921; ESTÉVEZ, 2000: s/p]

No segundo documento, datado o 21 de agosto de 1384, o comendador Afonso Vázquez, e o seu irmán Gonzalo, aforan a Xoán de Ponte, morador en Sabadelle, dous solares de casas na Rúa de Cima de Vila. [DURO, 1973: 235-236, doc. 925; ESTÉVEZ, 2000: s/p]

Podemos completar a información sobre as propiedades da encomenda da Batundeira na Idade Media gracias ás informacións que nos subministra Otero Pedrayo no seu xa mencionado artigo. Cabe a posibilidade de que algunha de ditas posesións fose adquirida en tempos posteriores, aínda que, polo xeral, o patrimonio das institucións monásticas confórmasse practicamente en tempos medievais.

Segundo Otero, os bens e rendas da encomenda localizábanse nos distritos de Ourense, Celanova, Xinzó de Limia, Allariz, Ribadavia e Señorín de Carballiño. [OTERO, 1961: 257]

Respecto dos forais, indica Otero que en terras de Carballiño tiña os de Mosteiro de Armeses, Outeiro de Armeses, Mato, Touza e Sua Touza, Reguenga, Souto Samiro, Lamago, Ferrandel, Puzos e Souto do Penso, Freiriz, Paciños e Outeiriño, Tellado, Rañón, Riobó, Quintás, Pedrouzos e Mesiego, que rendaban 624 ferrados de centeo con 182 reais de dereituras. O maior era o de Paciñas e Outeiriño, que satisfacía 125 ferrados e seis reais; os de Mosteiro e Outeiro de Armeses rendaban 90 ferrados e 36 reais cada un.

Os menores eran de 12 ferrados. No partido de Carballiño di Otero que o valor establecido para o centeo de forais en renda era de 4 reais e 11 maravedís. [OTERO, 1961: 257]

A orde tamén tiña propiedades nos Chaos de Amoeiro. Alí, a casa fidalga de San Damián pagaba un foro de 37 ferrados. Preto deste lugar estaba o de Afusín, na parroquia de Rouzós, que era de 30 ferrados. [OTERO, 1961: 257]

Tiña tamén a orde, en Turei, na parroquia de Beiro, un foro de 40 ferrados, 1 real e 17 mrs.; e de Couxil, do que xa temos falado, rendaba 21 ferrados e 39 reais, e o de Xinzo, en Sabucedo de Montes, 45 ferrados”. [OTERO, 1961: 257]

#### 10. MEMBROS DA ORDE QUE APARECEN NA DOCUMENTACIÓN

1220, xaneiro, 4: **Xoán Pérez de Subderena, comendador dos bens que a orde de Pereiro ten en Galiza.** [TORRES, 1763: I, 200; PALACIOS, 2000: 37, doc. 70; NOVOA, 2000: 133]

1222: **García Sánchez, mestre de Alcántara e do Pereiro...** (doc. do mosteiro de Armeses). **Frei Hilario, que fixo a carta. Frei Lamberto, capelán do mestre de Alcántara.** [TORRES, 1763: I, 218; ORTEGA, 1759: f. 24; PALACIOS, 2000: 42-43, doc. 77; CORRAL, 1999: 333, doc. 22; NOVOA, 2000: 133]

[1222]: **Mestre de Alcántara, Gonzalo Ibáñez, con García Sánchez e cos freires de Alcántara,**”. **“Hilarius, notarius domini G. Ihoannis”.** [PALACIOS, 2000: 43-44, doc. 78].

1224, novembro, 15: **Fernando Meléndez, comendador da orde de Alcántara en Galiza.** [TORRES, 1763: I, 232; PALACIOS, 2000: 49, doc. 91].

1226, enero, 26: **Pedro Pérez, comendador de Alcántara en Galiza, a instancias do mestre García Sánchez, testemuña frei Martiño, freire de Pereiro.** [TORRES, 1763: I, 234; PALACIOS, 2000: 50, doc. 94; NOVOA, 2000: 135].

1237, abril: **Gonzalo Muñiz, comendador da orde de Alcántara en Galiza.** [TORRES, 1763: I, 291; PALACIOS, 2000: 79, doc. 155; NOVOA, 2000: 83, nota 218; 127; 134].

1238, outubro: **Pedro Rodríguez, comendador da orde de Alcántara en Galiza.** [TORRES, 1763: I, 292; PALACIOS, 2000: 93, doc. 171; NOVOA, 2000: 83, nota 218; 134].

1246, xullo, 17: **Nuño Morán, con autorización do mestre e convento de Alcántara.** [TORRES, 1763: I, 311; PALACIOS, 2000: 109, doc. 205]

1249: **Munio Martínez, comendador da Batundeira.** [ROMANÍ, 1990: I, 583-584, doc. 623]

1250: **Don Rodrigo Fernández, comendador en Galiza da orde de Alcántara.** [TORRES, 1763: I, 320; PALACIOS, 2000: 114, doc. 217; NOVOA, 2000: 133]

1271, xullo, 11: **Pedro Fernández, comendador dos bens de Alcántara en Galiza.** Tamén se cita un **“Mordomo do comendador”.** [TORRES, 1763: I, 391; PALACIOS, 2000: 212, doc. 334]

1280, setembro: **Xoán, comendador dos bens que posúe a orde de Alcántara en Galiza.** [TORRES, 1763: I, 402; PALACIOS, 222, doc. 346]

1290, febreiro, 10: **Martiño Fernández, comendador do que posúe a orde de Alcántara en Galiza.** [TORRES, 1763: I, 429; PALACIOS, 2000: 247, doc. 381]

1310, decembro, 21: **Mariño Yáñez, comendador das posesións da orde de Alcántara en Galiza.** [TORRES, 1763: I, 489; PALACIOS, 2000: 310, doc. 460]

[1338-1343]: **Comendador da Batundeira, Garcí Pérez.** [RADES, 1994: f. 24v]

[1346-1355]: **Comendador da Batundeira, Fernán Pérez de Bolaños.** [RADES, 1994: f. 27v]

[1371-1375]: **Xoán Fernández de Gres, comendador da Batundeira.** [RADES, 1994: f. 31v]

1385, xullo, 22: **Nuno Peres do Campo, comendador de Batondeira e de todos os bens alcantarinos no reino de Galiza.** [CARRO, 1953: 135-136; PALACIOS, 2000: 496-497, doc. 716]

1390, xaneiro, 12: **Xil Rodríguez, comendador da Batundeira e do que ten a orde de Alcántara “en el llano de Castilla”, Ribeira do Avia e Reino de Galiza.** [CARRO, 1953: 132-135; PALACIOS, 2000: 511-513, doc. 734]

1396, xullo, 29: **Comendador da Batundeira, Xil Rodríguez.** [CARRO, 1953: 130-137; PALACIOS, 2000: 517, doc. 745]

1402, xuño, 3: **Comendador da Batundeira, Pedro Godín.** [PALACIOS, 2000: 522, doc. 754]

[1394-1408]: **Comendador da Batundeira, Fernán Sánchez de Vera.** [RADES, 1994: f. 34v]

[1408-1416]: **Comendador da Batundeira, Diego Pérez Quijada.** [RADES, 1994: f. 36r]

1411: **Álvaro Fernández, comendador da Batundeira.** [GALLEGO, 1999: 124]

1415, novembro, 16: **Álvaro de Vilameá, comendador da Batundeira.** [PALACIOS, 2000: 551-552, doc. 797]

[1416-1432]: **Garcí Fernandez Sarmiento, comendador da Batundeira** (fillo de Diego Pérez Sarmiento e Mencía de Stuñiga). [RADES, 1994: f. 36r-41v]

1420: **Álvaro Fernández, comendador da Batundeira da Orde de Alcántara,** con poder outorgado pola orde en 1411. [GALLEGO, 1999: 124]

1463: **Pedro de Castro, comendador da Batundeira.** [GALLEGO, 1999: 124].

1441, abril, 9. **Pedro Godín, comendador da Batundeira.** [PALACIOS, 2000: 681, doc. 932]

[1457-1463]: **Alvar Pérez Holguín, comendador da Batundeira.** [RADES, 1994: f. 44r-48v]

[1473-1494]: **Pedro de Zúñiga, comendador da Batundeira.** [RADES, 1994: f. 53v-55r]

1487: **Alonso de Novoa, Comendador da Batundeira.** [ESTÉVEZ, 2000: s/p].

Sen sabermos a data: **Frei Xoán, comendador do que a orde tiña en Galiza.** [TORRES, 1763: I, 402; NOVOA, 2000: 134, nota 399].

1259, agosto, 27. Toledo: **Gonzalo Ibáñez de Novoa** recoñece a propiedade de Alcántara sobre diferentes coutos situados en Galiza que a orde cedera de maneira vitalicia ao seu pai, Xoán Pérez, durante o mestrado do seu irmán **Pedro Ibáñez.** [TORRES, 1763: I, 375; PALACIOS, 2000: 189, doc. 299]

1384, febreiro, 2: **Gonzalo Vázquez, escudeiro,** por si e polo seu irmán **Afonso Vázquez, comendador orde de Alcántara na Mudela,** afora a Fernán Domínguez e á súa muller María Pérez unhas casas na Rúa de Cima de Vila. [DURO, 1973: 235, doc. 921]

1384, agosto, 21. **Afonso Vázquez, comendador da encomenda de Mudela, da orde de Alcántara,** e o seu irmán **Gonzalo Vázquez** aforan a Xoán de Ponte, morador en Sabadelle, dous solares de casas na Rúa de Cima de Vila, por 6 mrs. Notario: Fernán González. [DURO, 1973: 235-236, doc. 925]

## 11. A ENCOMENDA DA BAÑEZA

Vencellada a Galiza –semella que a orde de Alcántara, como outras ordes militares, consideraba este territorio como parte deste reino- temos a encomenda da Bañeza. Non podemos esquecer que, tanto no Baixo Imperio, como mesmo en época visigoda, Astorga

segue a ser unha das capitais da Gallaecia.

Pero esta encomenda bañezana ten pasado case desapercibida na historiografía da comarca de Astorga. Nalgún caso [RUANO, 1995: 193-199] nin sequera menciona a existencia de propiedades alcantarinas no bispado de Astorga; noutros, a única referencia é a mención do disfrute do portádego de San Martín de Torres. [CABERO, 1995: 135]

A primeira noticia que encontramos aparece nun documento de abril de 1207. Nel, Mioro Seronnina, coa súa filla dona María, vende a Xoán de Fenoio e á súa muller María Domínguez oito terras “in villa quae vocitant Soto”, territorio de Astorga. A primeira está “carrera de Orga, terminos terra de Sancta María [de Astorga] y los freires”. Outra está “al Foyo, terminos doña Elvira la Calzona e los freires et dominum Diaz”. As outras localízanse en lugares onde, como veremos, a orde posuirá diversos bens.

O copista dos documentos do mosteiro cisterciense de Carracedo, onde se localiza esta escritura, identifica aos freires cos do seu mosteiro. Sen embargo, nos pensamos que se trabuca, e que eses “freires” son os da orde de Alcántara. Outros documentos nos que aparece o mosteiro de Carracedo (que tamén é propietario, durante un tempo, de diversos bens nesta zona) sempre é citado polo nome do mosteiro. [ADA, Códices, R-45, Indicador de Carracedo, fol. 231, nº 34; MARTÍNEZ, 1997: I, 165, doc. 206]

Por tanto, xa a comezos do século XIII a orde de Pereiro-Alcántara, como aínda se lle denomina nesta época, está asentada nas terras galaico-leonesas da Bañeza.

O 2 de outubro de 1220, estando en Toro, Afonso IX fará á orde de Alcántara unha importantísima doazón nesta zona: o portádego de San Martín de Torres. [GONZÁLEZ, 1944: II, 519-520, doc. 404; QUINTANA, 1990: 103, 104, 208, ap. 18; NOVOA, 2000: 134; CABERO, 1995: 135, 189].

O monarca manifesta que realiza tal agasallo “pro remedio animee mee et animarum parentum meorum, in perpetuam elemosinam dedi et concessi magistro et fratribus de Pirario et de Alcantara, in subsidium ipsius castrum de Alcantara, recipiatur in istis locis, videlicet...in Piraranza et in Tabuyo, in Torneros, in Palacios de Xamuzo, in Cabazos?, in Sancta Maria de Alba [Redelga], et in Banieza, in Valcabado, in Ruperulos, in Villastrigo, in Pozolo [del Páramo], in Laguna de Negriellos in Sancta Maria del Paramo, in Ponte de Orvego, in Carrizo et in Aarmellada, in Sancta Marina, in Villiela [Vecilla], in Orgatorina [Huerga de Garavalles] et in Requeijo.

Conclúe o monarca dicindo que calquera home que refugase ou negase ese portádego, ou se desviase no seu camiño destes lugares, perdería canta mercadoría levase e pagaría ao fisco real 50 morabetinos.

Teremos que agardar uns anos para termos novas noticias sobre este lugar. En agosto de 1224 García Sánchez, mestre de Pereiro e Alcántara, merca bens no lugar de Perejo, bispado de Astorga. [TORRES, 1763: I, 232; PALACIOS, 2000: 48, doc. 89; NOVOA, 2000: 134]. Aínda que Novoa pensa que se poida referir ao actual Pereje, preto de Vilafranca do Bierzo, coidamos que esta hipótese non é acertada, referíndose o documento a un lugar chamado “Pereix”, situado na mesma Bañeza. Outros documentos, que analizaremos despois, así o fan supoñer. Non ten moito sentido unha posesión dispersa, que ademais, segundo este autor, dependería da Batundeira, afastada dos dous centros da orde: Batundeira e La Bañeza.

En marzo de 1227 a orde de Alcántara, e os monxes de Carracedo, mercan a dona María, e a Martiño López e á súa muller dona Tareixa, canta herdade teñen “in villa quae dicitur Sancti Pelagii”. Os predios consistían en cortes, solares, etc. O prezo e roboración

estipulado é de 33 morabetinos. Ocupaba a cátedra astoricense don Nuño, e era “tenente Palatius” Munio Pérez. [ADA, Códices, R-4, fol. 239v, nº 49; MARTÍNEZ, 1997: I, 229, doc. 322].

Neste mesmo de 1227 os alcantarinos reciben unha herdade en “Perez” da Bañeza. [PALACIOS, 2000: 52, doc. 99]. Este “Perez” é, ao noso xuízo, o “Perejo” anteriormente aludido.

Que nesta época os bens na Bañeza –quizais aínda non constituída oficialmente como encomenda- dependen de Galiza vémosto nun documento de xaneiro de 1228, polo cal o comendador da orde de Alcántara en Galiza merca a Gonzalo Bermúdez certos bens no bispado de Astorga. [TORRES, 1763: I, 240; PALACIOS, 2000: 55, doc. 104; NOVOA, 2000: 80-81, nota 203].

O mes seguinte, febreiro de 1228, de novo o comendador da orde de Alcántara en Galiza merca a Pedro Pérez e Marina Rodríguez, a súa muller, certos bens no lugar de Herreros, [actualmente Herreros de Jamuz], no bispado de Astorga. [TORRES, 1763: I, 240; PALACIOS, 2000: 57, doc. 106; NOVOA, 2000: 80, 134].

O proceso de adquisición de bens continúa. En febreiro de 1229 o comendador da orde de Alcántara en Galiza merca a María Gutiérrez, que contaba coa autorización do seu marido Domingos Ibáñez, os bens que posuía en Villa de Ribas (coutos, casas, solares, terras, viñas..) por 25 marabedís. [TORRES, 1763: I, 245; PALACIOS, 2000: 58, doc. 111; NOVOA, 2000: 80-81, nota 203].

Ao ano seguinte, en xaneiro de 1230, de novo o comendador galaico da orde adquire a dona Sancha todos os bens que posuía en Valdeferol (ou Valdefero), bispado de Astorga. [TORRES, 1763: I, 248; PALACIOS, 2000: 60, doc. 114; NOVOA, 2000: 81, nota 203; 126, 134]. Uns meses despois, en xullo, comendador da orde en Galiza merca a Pedro Pérez e á súa muller María Pérez dúas terras situadas na vila de Herreros, bispado de Astorga. [TORRES, 1763: I, 248; PALACIOS, 2000: 61, doc. 116; NOVOA, 2000: 80, nota 203].

Prosegue a política de compras efectuada polos comendadores galegos da orde. Así, en marzo de 1233, mércaselle a María Martínez e aos seus fillos bens en Destriana, bispado de Astorga, lugar moi próximo á Bañeza. [TORRES, 1763: I, 259; PALACIOS, 2000: 65, doc. 125; NOVOA, 2000: 82, nota 206]. En Destriana posuirá a Orde de Santiago unha encomenda.

De novo un documento procedente do cartulario de Carracedo apórtanos novos datos. En agosto de 1234 Paio Martínez vende ao mosteiro berciano un solar en Soto de la Vega, “in territorio de Palacios”, no lugar “quod dicitur Barrio de Jusso”. Ao relacionar os lindeiros, o texto especifica que “de la I<sup>a</sup> et de la II<sup>a</sup> et de la II<sup>a</sup> parte jacet e los freyres, de la III<sup>a</sup> jacet Muniu Rodríguez”. Estes freires, reiteramos, son os da orde de Alcántara. [ADA, Códices, R-4, fol. 231v, nº 36; MARTINEZ, 1997: I, 256, doc. 367].

En abril de 1237, Gonzalo Muñiz, comendador da orde de Alcántara en Galiza merca a dona María e á súa irmá dona Marina certas herdades no lugar de Riquexo. [TORRES, 1763: I, 291; PALACIOS, 2000: 79, doc. 155; NOVOA, 2000: 83, nota 218; 127; 134]. E en outubro de 1238 Pedro Rodríguez, comendador da orde de Alcántara en Galiza merca certas herdades no lugar de Riquexo, bispado de Astorga, a María Fernández, muller de don Gómez. [TORRES, 1763: I, 292; PALACIOS, 2000: 93, doc. 171; NOVOA, 2000: 83, nota 218; 134].

Parece que, neste momento, o número de bens na comarca precisa da creación dunha encomenda. De aí que, de agora en diante, encontremos na documentación a un comendador da Bañeza. Así, en marzo de 1244 Marina Esidres, veciña da Bañeza, de acordo cos seus

fillos, vende ao comendador da orde de Alcántara dese lugar, Pedro Ibáñez, certas herdades. [TORRES, 1763: I, 309; PALACIOS, 2000: 104, doc. 192; NOVOA, 2000: 84, nota 221]. Este mesmo comendador, en xullo de 1245, merca unha herdade na vila de Herreros a Alvar García e á súa muller Marina Pérez. [TORRES, 1763: I, 310; PALACIOS, 2000: 108, doc. 200; NOVOA, 2000: 84, nota 221]

Segue a orde acumulando bens. En febreiro de 1246 Pedro Láinez, con acordo da súa muller e fillos, doa polas súas almas todas as súas propiedades en Cavaços, no bispado de Astorga, á orde de Alcántara. [TORRES, 1763: I, 311; PALACIOS, 2000: 109, doc. 204] Radicadas neste mesmo lugar, dous anos despois, en marzo de 1248, será dona Constanza a que entrega aos freires de Alcántara todas as súas propiedades. [TORRES, 1763: I, 319; PALACIOS, 2000: 112, doc. 212] E neste mesmo mes dona Elvira Bermúdez, cos seus fillos Pedro Ibáñez, crego, e don Paio, vende á orde de Alcántara canto posuía nesta vila de Cavaços. [TORRES, 1763: I, 319; PALACIOS, 2000: 113, doc. 213; NOVOA, 2000: 84]

De novo achamos referencias ao comendador da Bañeza, aínda que sen coñecer o seu nome. En novembro de 1253 Xoán Rodríguez, Pedro Rodríguez e os seus fillos, e Andrés Pérez, o seu sobriño, entregan á orde de Alcántara, e ao seu comendador na Bañeza, os bens de Rui Fagúndez, fiador de Pedro García e a súa muller María López. [TORRES, 1763: I, 331-332; PALACIOS, 2000: 132, doc. 241; NOVOA, 2000: 86, 136]

En Soto, onde a orde xa posuía propiedades, recibirá a orde en 1257 unha terra doada por Xil de Azares. No documento especificase que está situada en Soto, término da Bañeza, baixo a campá de San Salvador. Ademais, doa a cuarta parte de toda a súa facenda porque era familiar da orde. [TORRES, 1763: I, 359-360; NOVOA, 2000: 86, nota 86]. Non será esta a única doazón de Xil Suárez de Azares, porque o 20 de setembro de 1260 este vende ao mestre e orde de Alcántara os bens que dispón en Requejo (de la Vega), preto da igrexa de Santa Leocadia, por 150 marabedís de ouro. [TORRES, 1763: I, 291, 292, 378; NOVOA, 2000: 86, nota 233; 134]

Novoa pensa que, na altura de 1257, a encomenda está institucionalizada. Iso explicaría que, nese ano, Velasco Méndez, comendador bañezano, figure como testemuña do ingreso na orde de Fernando Sánchez, fillo do infante don Sancho Fernández. [NOVOA, 2000: 136, nota 412; TORRES, 1763: I, 356-357]. Torres menciona tamén como comendador da Bañeza a Pedro Ibáñez, durante o mestrado de Pedro Ibáñez, que se desenvolveu entre 1234 e 1253. [TORRES, 1763: I, 339; NOVOA, 2000: 136, nota 412].

En maio de 1263 Pedro Pérez, comendador da orde de Alcántara na Bañeza merca a María López todos os seus bens, tanto os recibidos en herdanza como os adquiridos en Soto de Terrazas (ou Terrazes), baixo a campá de San Pedro. [TORRES, 1763: I, 382; PALACIOS, 2000: 197-198, doc. 313; NOVOA, 2000: 87, 136]

O 30 de maio de 1266 outro comendador bañezano, Xoán Pérez, merca, con autorización do mestre, unha viña situada en Pozuelo (del Páramo), preto da igrexa de San Pelayo; a venden Martiño Picón e a súa muller, María Fernández. [TORRES, 1763: I, 388; PALACIOS, 2000: 202, doc. 321; NOVOA, 2000: 87, nota 237; 136]

Durante aproximadamente tres lustros non volvemos ter noticias da orde, ata que, en 1280, sabemos que entrega a don Gonzalo Morán, e á súa muller Elvira Rodríguez, todo o que ten en Valdesandinas, agás o portádego. [CASADO, 1983: II, 149, doc. 498; NOVOA, 2000: 135] E unha década despois, o 3 de marzo de 1290, García Migíldez, comendador da Bañeza, permuta co consentimento do mestre, certos bens que posúe a orde de Alcántara en Torial por outros, situados en Pozuelo, dos que se desprendera o abade Pedro en nome



do mosteiro cisterciense de Nogales. [TORRES, 1763: I, 429; PALACIOS, 2000: 248, doc. 382; NOVOA, 2000: 87, nota 237]

Ao ano seguinte, o 1 de novembro de 1291, Paio, crego e veciño da Bañeza, faise familiar da orde de Alcántara e comprométese ante Vasco Pérez, comendador do lugar, a doar á institución a metade das casas e terras de labor que posúe alí e en Pereix, coa condición de conservar o usufructo e recibir unha pensión vitalicia de mantemento. A Orde daralle cada ano, polo nadal, “Manto y Pelote y Saya de un faz”, ademais de “penas para el Manto y para el Pelote, è un paz de calzas de un paño durdo, e probervos bien en à vuestra casa de morada en Bañeza de comer y de beeber por en toda vuestra vida”. [CORRAL, 1999: 351, doc. 110; TORRES, 1763: I, 429-430; PALACIOS, 2000: 248, doc. 383; NOVOA, 2000: 87-88, nota 241]

Na reseña que fai Novoa deste documento, di que ese “Pereix” “consideramos que en realidade se trata de Peris, un barrio extramuro a la ciudad de La Bañeza, donde Madoz localiza las citadas iglesias”. [NOVOA, 2000: 136, nota 411] Como xa dixemos, e volvemos reiterar, é o mesmo “Perejo” que el antes indentificaba como o berciano “Pereje”.

En 1312, como é sabido, desaparece a orde do Temple. O despoxo dos seus bens xa empezara algún tempo antes. A orde de Alcántara, e outras ordes militares, beneficiáranse dalgúns lugares templarios. Tamén a nobreza. Será precisamente unha permuta sobre bens templarios os que semella que levan inicialmente á orde de Alcántara a desfacerse da encomenda da Bañeza. O 18 de setembro de 1327 Álvaro Núñez, conde de Trastámara, Lemos e Sarria, entrega ao mestre de Alcántara a granxa de Benavente de Sequeros con Algodor e as aceas de Coria, así como as casas e outras propiedades que alí tivera a orde do Temple. Ademais, entrega aos freires Viña con Ventosa e os 2.500 maravedís de renda anual vitalicia que posuía, por cesión da orde, en Gema e as súas aldeas. A cambio, Suero Pérez, mestre de Alcántara, doaba ao conde as encomendas da Bañeza e de Bercial de Lomba, así como os bens dos que a orde era propietaria en Vecilla de Valderaduey, Villalonso, Benalfarzos e Tiedra. [Bulario de Alcántara, 160-161; PALACIOS, 2000: 373-375, doc. 523; NOVOA, 2000: 102, nota 278]

Estes bens, segundo o mestre alcantarino, incluían “yuncados e portadgos e viñas e heredades e vassallos e rendas e pechos e derechos e con montes e terminos e pastos e aguas corrientes e estantes e vassallos e solares e poblados e por poblar e iglesias e iglesieros e con todas las otras cosas que pertenecen a las dichas encomiendas e cosas que nos e la dicha Orden i habemos”

Pouco tempo permaneceron en mans do conde estas propiedades, porque o 11 de febreiro de 1328 dota ao mosteiro de Santa Clara de Astorga con diversos bens; entre eles, as antigas encomendas alcantarinas de Bercial de Lomba e A Bañeza. [CAVERO, “Alvar Núñez de Osorio”, 47-49, doc. 1; PALACIOS, 2000: 375, doc. 524]

Parece que esta permuta non estivo exenta de problemas. O 2 de xaneiro de 1340 Afonso XI ordena entregar ao mosteiro de Santa Clara de Astorga a granxa de Benavente de Sequeros e outros antigos bens templarios que Alvaro Núñez de Osorio cedera á orde de Alcántara a cambio da encomenda da Bañeza, poñendo en fieldade dita encomenda ata que a orde dispuxese dun novo mestre

Este documento amplíanos a información sobre a Bañeza, xa que nos di que na permuta desa encomenda incluíaase “el portazgo del sávado e con el portazgo de entre semana e con el portazgo de Alcobaso e con la Puente de Orvigo e de Villagarcía e de Laguna de Negrillos e de Carrizo, e la heredad e vasallos de Valdesandinas, e todas las heredades e

vasallos así poblados como por poblar que son en la dicha encomienda de la Bañeza”

O rei di, ademais, que despois da doazón de Álvaro Núñez, el dera “a la reyna la dicha encomienda de la Bañeza con todas las cosas que dichas son”, e, sobre as propiedades extremeñas permutadas, “enviamos mandar por nuestras cartas al juez e a los alcaldes que fueron fasta aquí que entregaren a la abadesa e al convento de las dichas frailas la dicha granja de Benavente de Sequeros e las dichas aceñas e casas de Coria e la de Algodor e la dicha Torresiella, e los maestros que fueron fasta aquí que gelo embargaron e que por esto que el dicho monasterio que es empobrecido tanto que no han en que se mantener. E enviaron nos pedir merced que toviésemos por bien de les mandar tornar algunas destas heredades en que puedan haber mantenimiento”. O rei ordena, pois, “que los dichos alcaldes entreguedes a la abadesa e al convento de las frailas del dicho monasterio de Santa Clara e al home que la oviere de recabdar por ellas la dicha granja de Benavente de Sequeros e las aceñas e casas de Coria e la de Algodor, e la dicha Torresiella, que es en término de Coria, todo esto según dicho es”. E, respecto da encomenda da Bañeza, “tenemos por bien que la encomienda de la Bañeza con el portazgo del sábado e con el portazgo de entre semana, e con el portazgo de Alcabaso e de la Puente del Orbigo, e de Villagarcía, e de Laguna de Negrillos, e de Carrizo, e la heredad e vasallos de Valdesandinas, e todas las heredades e vasallos así poblados como por poblar que son de la dicha encomienda de la Bañeza, la qual tiene la reyna como dicho es, que sea puesto en mano de Juan Fernández, mi vasallo, que la coja en fieltad fasta que aya maestre de la orden de Alcántara con quien lo librems”. [TORRES, 1763: I, 535; CAVERO, 1992: 46-47, doc. 67; PALACIOS, 2000: 411-413, doc. 577]

Comenta Novoa que Torres y Tapia pensaba que o acordo nunca se debeu levar a cabo. [TORRES, 1763: I, 534; NOVOA, 2000: 137, nota 413]. Concordamos con ambos autores nesta hipótese, xa que, como indica Novoa, “parece acertada ya que, en 1385, la Orden sigue en posesión de tal encomienda como lo prueba un documento por el cual el maestre de Alcántara, Martín Ibáñez, ordena a Gonzalo López, comendador de las encomiendas de Santa María la Roxa y de la Puebla de San Juan el Viejo en Toro que en ellas, y en la encomienda de la Bañeza en Galicia, se proceda a dar a censo perpetuo las heredades que se estimaran oportunas”. [TORRES, 1763: II, 66; NOVOA, 2000: 137, nota 413].

A mediados do século XV, en 1449, a encomenda da Bañeza foi obxecto, coas de Santa María la Roxa e San Xoán en Toro (incluíndo nesta última as de Barcial de la Loma e Gema), foi vendida a don Alonso Pérez de Vivero e ao rei Xoán II por 50000 maravedís. Segundo Torres a venta non se debeu realizar con toda a legalidade posto que a orde tenta, en 1511, recuperar os bens, sen conseguilo. [TORRES, 1763: II, 327-328; NOVOA, 2000: 136-137 e nota 413].

Por todo o que levamos visto, concordamos en que a meirande parte dos bens da encomenda da Bañeza sitúanse en lugares próximos ao portádego de San Martín de Torres. [TORRES, 1763: I, 388; NOVOA, 2000: 136, nota 408].

## 12. COMENDADORES DA BAÑEZA

1244, marzo: **Comendador da orde de Alcántara na Bañeza, Pedro Iáñez**. [TORRES, 1763: I, 309; PALACIOS, 2000: 104, doc. 192; NOVOA, 2000: 84, nota 221].

1245, xullo: **Pedro Iáñez, comendador de Alcántara na Bañeza**. [TORRES, 1763: I, 310;

PALACIOS, 2000: 108, doc. 200; NOVOA, 2000: 84, nota 221]

1246, xullo, 17: **Nuño Morán, con autorización do mestre e convento de Alcántara.** [TORRES, 1763: I, 311; PALACIOS, 2000: 109, doc. 205]

1259, agosto, 27: **Gonzalo Iáñez de Novoa** reconece a propiedade de Alcántara sobre diferentes coutos situados en Galiza que a orde cedera de maneira vitalicia ao seu pai, Xoán Pérez, durante o mestrado do seu irmán **Pedro Iáñez.** [TORRES, 1763 : I, 375; PALACIOS, 2000: 189, doc. 299]

1263, maio: **Pedro Pérez, comendador da orde de Alcántara na Bañeza.** [TORRES, 1763: I, 382; PALACIOS, 2000: 197-198, doc. 313; NOVOA, 2000: 87, 136]

1266, maio, 30: **Xoán Pérez, comendador da orde de Alcántara na Bañeza.** [TORRES, 1763: I, 388; PALACIOS, 2000: 202, doc. 321; NOVOA, 2000: 87, nota 237; 136]

1290, marzo, 3: **García Mixíldez, comendador da Bañeza.** [TORRES, 1763: I, 429; PALACIOS, 2000: 248, doc. 382; NOVOA, 2000: 87, nota 237]

1291, novembro, 1: **Vasco Pérez, comendador da Bañeza.** [CORRAL, 1999: 351, doc. 110; TORRES, 1763: I, 429-430; PALACIOS, 2000: 248, doc. 383; NOVOA, 2000: 87-88, nota 241]

1385: O mestre de Alcántara, Martiño Iáñez, ordena a **Gonzalo López, comendador das encomendas de Santa María la Roxa e da “Puebla de San Juan el Viejo” en Toro que nelas, e na encomenda da Bañeza en Galiza,** se proceda a dar a censo perpetuo as herdades que se estimasen oportunas”. [TORRES, 1763: II, 66; NOVOA, 2000: 137, nota 413].

## COLECCIÓN DOCUMENTAL

### FONTES E BIBLIOGRAFÍA

1.- [1ª metade sec. XIII. Reinado de Afonso IX] Tumbo das viñas de Ribadavia: Na “rua de san martino de alende a ponte [ten] alcantara duas casas..”.

“Estas son elas vinas que an e las ordenes enno coto del burgo...[...]De la lera de martin gomariz dan cada anno.X. sueldos e medio a alcantara..”.

Pub.: Olga Gallego Domínguez: “Tumbo de las viñas de Ribadavia”, *Boletín Auriense*, XVI (1986), pp: 157-176, páxs. 162, 163.

2.- 1207, abril

Miuro Seronnina venda unhas terras a Xoán de Fenoyo en Soto.

Arquivo Diocesano de Astorga, Códices, R-45, Indicador de Carracedo, fol. 231, nº 34.

Pub.: Martín Martínez Martínez: *Cartulario de Santa María de Carracedo*, 992-1500, 2 vols., León, 1997, vol. I, doc. 206, pág. 165.

Ego Miuro Seronnina, cum filia mea Donna Maria, a tibi Jovan de Fenoio et usori tuae Maria Domenguez facimus cartam venditionis de VIII terras de nostro patrimonio in territorio astoricensis in villa quae vocitant Soto. 1ª carrera de Orga, terminos terra de Sancta Maria (de Astorga debe entenderse)-sic- y los freires (Carracedo) – sic-. Alia al Foyo, terminos doña Elvira la Calzona

e los freires et dominum Diaz. Alia o linar en lo sendero que va (a) Sancto Pelagio, terminos don Assensio. Alia en a Peralina. Alia via discurrente Vanieza. Alia a lera longa. Alia carrera de Recheixo etc. Precio XIII morabetinos y I solido etc.

Facta carta mense aprilis in era MCCXLV. Rege Adefonso in Legione et Gallecia et omne regno suo. Petrus Astorica episcopus. Tenente Astorica Fernan Tiñoso. Pelai Albardan villicus regi. Tenente Palacius e los arrendadores (del antecedente) –sic-

Roboración y signo.

Qui presentes fuerunt et audierunt hace sunt firmas: Martín Antoiniez Omebono, Pedro Ariot, Testes. Dominicus notuit.

3.- 1218

Acordo polo cal a orde de Calatrava traspasa á de Alcántara diversos bens no reino de León. Un deses lugares sería Valdesandinas, no concello de Villazala, preto da Bañeza.

Cit.: Feliciano Novoa Portela: *La Orden de Alcántara y Extremadura (siglos XII-XIV)*, Badajoz, 2000, pág. 134.

4.- 1220, outubro, 2. Toro

Afonso IX doa á orde de Alcántara o portádego de

San Martiño de Torres.

Pub.: Julio González: *Alfonso IX*, 2 vols., Madrid, 1944, II, doc. 404, páx. 519-520; Augusto Quintana Prieto: *Monasterios bañezanos*, León, 1990, ap. doc. 18, páx. 208.

Pub. parc.: Quintana: *Monasterios*, páx. 104. [Traducido ao castelán]

Cit.: Quintana: op. cit., páx. 103; Novoa: *La Orden*, páx. 134; Consolación Cabero Domínguez: *Astorga y su territorio en la Edad Media*, León, 1995, páxs. 135, 189.

Notum sit omnibus, tam presentibus quam futuris, presentem paginam inspecturis quod ego, Adefonsus, Dei gratia rex Legionis et Gallecie, mando et concedo quod portaticum de Sancto Martino de Turribus, quem ego, pro remedio animee mee et animarum parentum meorum, in perpetuam elemosinam dedi et concessi magistro et fratribus de Pirario et de Alcantara, in subsidium ipsius castri de Alcantara, recipiatur in istis locis, videlicet...in Piraranza et in Tabuyo, in Torneros, in Palacios de Xamuzo, in Cabazos, in Sancta Maria de Alba, et in Banieza, in Valcabado, in Ruperulos, in Villastrigo, in Pozolo, in Laguna de Negriellos in Sancta Maria del Paramo, in Ponte de Orvego, in Carrizo et in Aarmellada, in Sancta Marina, in Villiela, in Orgatorina et in Requeijo.

Et quicumque homo istum portaticum furtaverit vel negaverit aut ab istis locis deviaverit, iram meam habebit et perdat quantam mercaturam aduxerat et insuper regie parti quiquaginta morabetinos pectec.

Facta carta apud Taurum, secunda die octobris, era millesima ducentessima quinquagessima octava.

5.- 1220, xaneiro, 4

Frei Xoán Pérez de Subderena, comendador dos bens que a orde de Pereiro ten en Galiza, entrega a Arias Álvarez e a Maior Arias, a súa muller, unhas herdades a censo en Sancto Donas, a cambio do pagamento anual do 50 por cento da colleita de viño, e un tercio da de pan, liño e demais productos.

Cit.: Alonso de Torres y Tapia: *Corónica de la Orden de Alcántara*, 2 vols., Madrid, 1763, I, p. 200; Novoa: *La Orden*, páx. 133.

Cat.: Bonifacio Palacios Martín (dir.): *Colección diplomática medieval de la Orden de Alcántara (1157?-1494). De los orígenes a 1454*, Madrid, 2000, doc. 70, páx. 37.

6.- 1222

Os mestres García Sánchez de Alcántara e Pereiro, e Gonzalo Iáñez de Calatrava ceden vitaliciamente á condesa Sancha o mosteiro de Asmeses, que sería rexido por un freire ou freira alcantarino.

Pub: Torres: *Crónica*, I, p. 218; J. Ortega y Cotes e outros: *Bullarium ordinis militiae de Alcántara*,

*olim sancti Iuliani de Pereiro*, Madrid, 1759, f. 24

Cat.: Palacios: *Colección...*, doc. 77, páxs. 42-43; Luis Corral Val: *Los monjes soldados de la Orden de Alcántara en la Edad Media*, Madrid, 1999, doc. 22, páx. 333.

Cit.: Novoa: *La Orden*, páx. 133.

Conosçuda cosa sea a todos quantos vieren esta presente carta como eu, don García Sánchez, maestre de Alcántara e del Perero, en uno con dominus Gonzalvo Joannes, maestre de Calatrava, e con conselo dos freyres qui estaban i presentes, damos e otorgamos o monasterio de Asmeses a la condesa doña Sancha, e dámoslo a tal plecto que lo tenga sempre poblado pro noso freyre o pro nosa freyra que i morar, non facer pro en la casa que o camien, e DESI que a su morte da condesa, que finque el monasterio a la orden de Calatrava con quanto i over aprovechado e ganado.

E desto foron testis muctos frayres: don García Sánchez, maestre de Perero e de Alcántara; e don Gonzalvo Joannes, maestre de Calatrava; e Ferrat Gonstiz, monge d'Oseira; cavaleros: don Suer Diaz, Lopo Verexanez, Fernant Gutiérrez de Castrelo, Joan Fernández, seu filio, Pedro Joannes Dorantes, don Thomé, dona Urraca Pedrez, dona María Fernz, dona María Moniz. E frey Hilario, que fizo la carta, e frey Lambertus, capellanus magistris Alcantarae.

E fue facta esta carta en la era de mil doscientos sesenta annos..

7.- [1222]

Acordo subscrito polo abade de Montederramo e o seu convento, por unha parte, e os mestres Gonzalo Iáñez e García Sánchez e os freires de Alcántara, por outra, en relación a certas vilas ourensás a propiedade das cales repartíanse ao 50 por cento.

Pub.: Palacios: *Colección*, doc. 78, páxs. 43-44.

Principium scripti fiat sub nomine Christi.

Notum sit omnibus hominibus hanc cartam inspecturis quod ego G., Montis Rami dictus abbas, una cum consensu totius conventus nostri, facimus cartam per alphabetum divissam inter nos et magistrum G. Ihoannis et G. Sancier et inter fratres de Alcantara, scilicet, de villulis illis quae dicuntur [Coneleva, á marxe] et Lamas de Godina et Canizio cum Felgueiras et Sameiron, cum omnibus terminis qui ad praedictas villas pertinerint, scilicet, ut supradicti fratres de Monteramo habeant medietatem villarum supradictarum cum omnibus lucris quae de villulis supradictis exierint ad maximam rem usque ad minimam, excepto portagio quod si quaelibet pars illud lucrum de rege poterit eum integro possideat; et fratres de Alcantara similiter medietatem villarum supradictarum nobiscum habeant cum omnibus lucris suis.

Et simus in suprafatis villulis semper quasi germani et confratres, ita ut numquam illi nobis nec nos illis

aliquam faciamus contrarietatem, et si forte nos vel illi de rege vel de aliquo homine aliquam haereditatem vel aliquam rem infra terminos supranominatarum villarum lucrari poterimus, illam quasi germani et fratres unius ordinis habeamus.

Facta carta in era MCCLXX. Regnante rege Aldefonso in Legione, in Asturiis, et in Gallecia. In Auriense sede, episcopus Laurentius; in Astoriense, episcopus Andreas; Rodericus Fernandi, tenente Caldelas. Qui presentes fuerunt, viderunt et audierunt: M. abbas Sucarie, testes; Petrus Heliae, testes; magister G. Ihoannis, testes; Fernandus Petri, testes. Hilarius, notarius domini G. Ihoannis, scripsit. Magister G. Santii, testes.

8.- 1223

O comendador da orde de Alcántara en Galiza entrega unha terra a censo.

Cit.: Palacios: *Colección...*, doc. 81, páx. 45.

9.- 1224, agosto

García Sánchez, mestre de Pereiro e Alcántara, compra bens no lugar de Perejo, bispado de Astorga.

Cat.: Palacios: *Colección...*, doc. 89, páx. 48

Cit.: Torres: *Crónica*, I, p. 232; Novoa: *La Orden*, páx. 134.

10.- 1224, novembro, 15

Fernando Meléndez, comendador da orde de Alcántara en Galiza, a instancias do rei, entrega a foro certos bens da orde a Xoán de Verdoin, a cambio dos cales o beneficiario se compromete ao pagamento de diñeiro e pan.

Cat.: Palacios: *Colección...*, doc. 91, páx. 49

Cit.: Torres: *Crónica*, I, p. 232.

11.- 1226, enero, 26

Pedro Pérez, comendador de Alcántara en Galiza, a instancias do mestre García Sánchez, entrega a foro a herdade de Cededo (preto de Allariz), que a orde posuía en Congelo, a Fernando Méndez. Figura como testemuña frei Martiño, freire de Pereiro.

Cat.: Palacios: *Colección...*, doc. 94, páx. 50

Cit.: Torres: *Crónica*, I, p. 234; Novoa: *La orden*, páx. 135.

12.- 1227, marzo

Dona María e Martiño López venden a súa herdade en San Paio a Carracedo.

ADA, Códices, R-4, fol. 239v, nº 49.

Pub.: Martínez: *Cartulario*, vol. I, doc. 322, páx. 229.

Ego domina Maria et Martín Lopez et uxori mea dona Teresa fecimus cartulam venditionis, vobis fratribus de Alcántara et vobis monachis de Carracedo, quantam hereditatem habemus in villa quae dicitur Sancti Pelagii, cortes, solares, etc. –

sic- precio y roboracion XXX e III morabetinos, etc. –sic-

Facta carta mense marci, sub era MCCLXV. Rege Adefonso in Legione et omni regno. Episcopus astoricensis domino Nuño. Tenente Palatius, Monio Petri.

Roboración, etc. –sic-

13.- 1227

*A orde de Alcántara recibe unha herdade en Perez da Bañeza.*

Cat.: Palacios, *Colección*, doc. 99, páx. 52.

14.- 1228 [xaneiro]

O comendador da orde de Alcántara en Galiza merca a Gonzalo Bermúdez certos bens no bispado de Astorga.

Cat.: Palacios: *Colección...*, doc. 104, páx. 55.

Cit.: Torres: *Crónica*, I, páx. 240; Novoa: *La Orden*, páxs. 80-81, nota 203.

15.- 1228, febreiro

O comendador da orde de Alcántara en Galiza merca a Pedro Pérez e María Rodríguez, a súa muller, certos bens no lugar de Herreros, [actualmente Herreros de Jamuz], no bispado de Astorga.

Cat.: Palacios: *Colección...*, doc. 106, páx. 57.

Cit.: Torres: *Crónica*, I, páx. 240; Novoa: *La Orden*, páxs. 80, 134.

16.- 1229, febreiro

O comendador da orde de Alcántara en Galiza merca a María Gutiérrez, que contaba coa autorización do seu marido Domingos Ibáñez, os bens que posuía en Villa de Ribas (coutos, casas, solares, terras, viñas..) por 25 marabedís.

Cat.: Palacios: *Colección...*, doc. 111, páx. 58.

Cit.: Torres: *Crónica*, I, páx. 245; Novoa: *La Orden*, páxs. 80-81, nota 203.

17.- 1229, febreiro

Xoán Pérez recibe posesións da orde de Alcántara en Mériz.

Cit.: Torres: *Crónica*, I, 391; Novoa: *La Orden*, páx. 135.

18.- 1230, xaneiro

O comendador da orde de Alcántara en Galiza merca a dona Sancha todos os bens que posuía en Valdeferol (ou Valdefero), bispado de Astorga.

Cat.: Palacios: *Colección...*, doc. 114, páx. 60.

Cit.: Torres: *Crónica*, I, páx. 248; Novoa: *La Orden*, páx. 81, nota 203; 126, 134.

19.- 1230, xullo

O comendador da orde de Alcántara en Galiza merca a Pedro Pérez e á súa muller María Pérez

- dúas terras situadas na vila de Herreros, bispado de Astorga.  
 Cat.: Palacios: *Colección*, doc. 116, páx. 61.  
 Cit.: Torres: *Crónica*, I, páx. 248; Novoa: *La Orden*, páx. 80, nota 203.
- 20.- 1231, abril, 25. Palencia  
 Fernando III confirma á orde de Alcántara os privilexios dados polos seus antecesores; entre eles, “privilegium de portatico de Sancto Martino de Torres”.  
 Pub.: Julio González González: *Reino y diplomas de Fernando III*, 3 vols., Córdoba, varios anos, vol. II, páxs. 374-375, doc. 324.
- 21.- 1233, marzo  
 O comendador da orde de Alcántara en Galiza merca a María Martínez e aos seus fillos bens en Destriana, bispado de Astorga.  
 Cat.: Palacios: *Colección*, doc. 125, páx. 65.  
 Cit.: Torres: *Crónica*, I, páx. 259; Novoa: *La Orden*, páx. 82, nota 206.
- 22.- 1234, agosto  
 Paio Martínez vende ao mosteiro de Carracedo un solar en Soto de la Vega, “in territorio de Palacios”, no lugar “quod dicitur Barrio de Jusso. De la Iª et de la IIª et de la IIª parte jacet e los freyres, de la IIIª jacet Muniu Rodríguez”.  
 ADA, Códices, R-4, fol. 231v, nº 36.  
 Pub.: Martínez: *Cartulario*, vol. I, doc. 367, páx. 256.
- 23.- 1237, abril  
 Gonzalo Muñiz, comendador da orde de Alcántara en Galiza merca a dona María e á súa irmá dona Marina certas herdades no lugar de Riquexo.  
 Cat.: Palacios: *Colección*, doc. 155, páx. 79.  
 Cit.: Torres: *Crónica*, I, páx. 291; Novoa: *La Orden*, páx. 83, nota 218; 127; 134.
- 24.- 1238, xaneiro, 9  
 Foro a Abril Iáñez dunha viña en Názara, pola metade do froito, e duna seara que foi do chantre don Lourenzo á beira da Torre vella, pola tercia, “in cauto de Ceeli” [Cenlle]. “.quandam vineam eue iacet in loco qui dicitur Nazar, sicut dividitur per hereditatem quam tenet Stephanus Iohannis a fratribus de Alcantara et per aliam hereditatem quam tenet idem Stephanus Iohannis a nobis sicut ducit ad caminum”.  
 Pub.: Emilio Duro Peña: *Documentos da catedral de Ourense*, Vigo, 1996, doc. 172, páx. 158.
- 25.- [1238], xuño, 16. Letrán  
 Gregorio IX, a exemplo dos seus predecesores os papas Lucio III e Inocencio III, acolle baixo da súa protección a casa do mestre e freires de San Xulián de Pereiro, confirma as súas propiedades incluíndo completa relación das mesmas, e ratifica privilexios concedidos con anterioridade como o de exención de dezmos ou protección freonte a sentencias de excomunión ou entredito; arbitra, ademais, medidas de amparo xurídico para os membros da orde e garantiza a liberdade da súa institución.  
 En Galiza, cítanse os seguintes bens: “villam de Conferta, quam habetis in Gallecia, cum possessionibus et pertinentiis suis; Batondeira cum possessionibus et pertinentiis suis  
 Pub.: I. J. Ortega y Cotes e outros: *Bullarium ordinis militiae de Alcántara, olim S. Julián del Pereiro*, Madrid, 1759, pp. 42-45 (con data 16-6-1235); Palacios: *Colecc.*, doc. 169, pp. 88-93.  
 Cit.: Torres, *Crónica*, I, pp. 289-290 (con data 16 de xuño de 1237)
- 26.- 1238, outubro  
 Pedro Rodríguez, comendador da orde de Alcántara en Galiza merca certas herdades no lugar de Riquexo, bispado de Astorga, a María Fernández, muller de don Gómez.  
 Cat.: Palacios: *Colección*, doc. 171, páx. 93.  
 Cit.: Torres, *Crónica*, I, páx. 292; Novoa: *La Orden*, páx. 83, nota 218; 134.
- 27.- 1244, marzo  
 Marina Esidres, veciña da Bañeza, de acordo cos seus fillos, vende ao comendador da orde de Alcántara dese lugar, Pedro Iáñez, certas herdades.  
 Cat.: Palacios: *Colección*, doc. 192, páx. 104.  
 Cit.: Torres: *Crónica*, I, páx. 309; Novoa: *La Orden*, páx. 84, nota 221.
- 28.- 1245  
 A orde de Alcántara merca herdades no reino de Galiza.  
 Cat.: Palacios: *Crónica*, doc. 198, páx. 106.
- 29.- 1245, xullo  
 Pedro Iáñez, comendador de Alcántara na Bañeza, merca unha herdade na vila de Herreros a Alvar García e á súa muller Marina Pérez.  
 Cat.: Palacios: *Colección*, doc. 200, páx. 108.  
 Cit.: Torres: *Crónica*, I, páx. 310; Novoa: *La Orden*, páx. 84, nota 221.
- 30.- 1246, febreiro  
 Pedro Láñez, con acordo da súa muller e fillos, doa pro anima todas as súas propiedades en Cavaços, no bispado de Astorga, á orde de Alcántara.  
 Cat.: Palacios: *Colección*, doc. 204, páx. 109.  
 Cit.: Torres: *Crónica*, I, páx. 311.
- 31.- 1246, xullo, 17  
 Frei Nuño Morán, con autorización do mestre e

- convento de Alcántara, cede a foro a favor de N. Fernández, a súa muller Marina Pérez e os seus fillos, certos bens que a orde posuía na vila de Viade.  
 Cat.: Palacios: *Colección*, doc. 205, páx. 109.  
 Cit.: Torres: *Crónica*, I, páx. 311.
- 32.- 1248, marzo  
 Dona Constanza entrega aos freires de Alcántara todas as súas propiedades sitas en Cavaços, bispado de Astorga.  
 Cat.: Palacios: *Colección*, doc. 212, páx. 112.  
 Cit.: Torres: *Crónica*, I, páx. 319.
- 33.- 1248, marzo  
 Dona Elvira Bermúdez, cos seus fillos Pedro Ibáñez, crego, e don Paio, vende á orde de Alcántara canto posuía na vila de Cavaços, bispado de Astorga.  
 Cat.: Palacios: *Colección*, doc. 213, páx. 113.  
 Cit.: Torres: *Crónica*, I, páx. 319; Novoa: *La Orden*, páx. 84.
- 34.- 1249  
 Xoán Díaz, fillo de dona Tareixa Iohannis, confirma ao mosteiro de Oseira e ao seu abade don Mendo todas as doazóns e vendas que a súa avoa dona Ximena outorgara ao mosteiro. Entre as testemuñas presentes, aparece “Munione Martín comendatore da Batundeyra”.  
 Pub.: Miguel Romaní Martínez: *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Sta. María de Oseira (Ourense) 1025-1310*, 2 vols., Santiago, 1990, vol. II, doc. 623, páxs. 583-584
- 35.- 1250  
 O arcediago don Xoán García, árbitro no contencioso que enfrontaba a don Rodrigo Fernández, comendador en Galicia da orde de Alcántara, con Xoán Muñiz, prelado de San Miguel de Asmeses, sobre os dezmos devengados por tres casais da orde situados no termino da igrexa, determina que os freires debían pagalos en tanto cultivaran os aludidos casais.  
 Cat.: Palacios: *Colección*, doc. 217, páx. 114.  
 Cit.: Novoa: *La Orden*, páx. 133; Torres: *Crónica*, I, páx. 320.
- 36.- 1253  
 A orde de Alcántara entrega ao bispo de Ourense unha herdade que posuía en Ribadavia, a cambio de outra pertencente á igrexa de San Martiño, situada nesa mesma localidade.  
 Cat.: Palacios: *Colección*, doc. 229, páx. 122.  
 Cit.: Torres: *Crónica*, I, páx. 331; Novoa: *La Orden*, páx. 86.
- 37.- 1253, novembro. Benavente  
 Xoán Rodríguez, Pedro Rodríguez e os seus fillos, Andrés Pérez, o seu sobriño, entregan á orde de Alcántara, e ao seu comendador na Bañeza, os bens de Rui Fagúndez, fiador de Pedro García e a súa muller María López.  
 Cat.: Palacios: *Colección*, doc. 241, páx. 132.  
 Cit.: Torres: *Crónica*, I, páx. 331-332; Novoa: *La Orden*, páx. 86, 136.
- 38.- 1257  
 Xil de Azares doa á orde de Alcántara unha terra situada en Soto, término da Bañeza, baixo a campá de San Salvador. Ademais, doa a cuarta parte de toda a súa facenda porque era familiar da orde.  
 Cit.: Torres: *Crónica*, I, páxs. 359-360; Novoa: *La Orden*, páx. 86, nota 86.
- 39.- 1258, decembro, 6  
 Xoán Peláez e a súa muller Toda Lorenzo vende ao tesoureiro ourensán Xoán Peláez unha viña situada no lugar de Cortinal, en Nazara, término de Cenlle, colindante “cum uinea fratrum de Asmeses quam nos tenemus”.  
 Pub.: Emilio Duro Peña: *Documentos da catedral de Ourense*, Pontevedra, 1996, doc. 320, páx. 265-266.  
 Cat.: Emilio Duro Peña: *Catálogo de los documentos privados en pergamino del archivo de la catedral de Orense (888-1554)*, Ourense, 1973, doc. 320, páxs. 94-95; Palacios: *Colección*, doc. 290, páx. 180.  
 Cit.: José Freire Camaniel: *El monacato gallego en la Alta Edad Media*, 2 vols., Pontevedra, 1998, vol. 2, páx. 617.
- 40.- 1258, decembro, 23  
 Miguel Peláez vende ao tesoureiro don Xoán Peláez unha leira de foro de terciá ao cabido de Nazara, lugar chamado Bouzas, lindando “per hereditatem fratrum ordinis de Alcantara”.  
 Pub.: Duro Peña: *Documentos*, doc. 321, páx. 266.  
 Cat.: Duro Peña: *Colección*, doc. 321, páx. 95.
- 41.- 1259, agosto, 27. Toledo  
 Gonzalo láñez de Novoa reconece a propiedade de Alcántara sobre diferentes coutos situados en Galiza que a orde cedera de maneira vitalicia ao seu pai, Xoán Pérez, durante o mestrado do seu irmán Pedro Ibáñez.  
 Cat.: Palacios: *Colección*, doc. 299, páx. 189.  
 Cit.: Torres: *Crónica*, I, páx. 375.
- 42.- 1260, setembro, 20  
 Xil Suárez de Azares vende ao mestre e orde de Alcántara os bens que dispón en “Requejo” [de la Vega], preto da igrexa de Santa Locaia, por 150 marabedís de ouro.

- Cit.: Torres: *Crónica*, I, páxs. 291, 292, 378; Novoa: *La Orden*, páx. 86, nota 233; 134.
- 43.- 1263, maio  
Pedro Pérez, comendador da orde de Alcántara na Bañeza merca a María López todos os seus bens, tanto os recibidos en herdanza como os adquiridos en “Soto de Terrazas” (ou Terrazes), baixo a campá de San Pedro.  
Cat.: Palacios: *Colección*, doc. 313, páxs. 197-198.  
Cit.: Torres: *Crónica*, I, páx. 382; Novoa: *La Orden*, páx. 87, 136.
- 44.- 1266, maio, 30  
Xoán Pérez, comendador da orde de Alcántara na Bañeza, merca, con autorización do mestre, unha viña situada en Pozuelo [del Páramo], preto da igrexa de San Paio; a venden Martiño Picón e a súa muller, María Fernández.  
Cat.: Palacios: *Colección*, doc. 321, páx. 202.  
Cit.: Torres: *Crónica*, I, páx. 388; Novoa: *La Orden*, páx. 87, nota 237, 136.
- 45.- 1271, xullo, 11. Ourense  
Pedro Fernández, comendador dos bens de Alcántara en Galiza, cede a foro as terras que a orde posúe en Mériz a Xoán Pérez, soldado orixinario de Rivela, a cambio dun censo anual que tiña que satisfacer ao mordomo do comendador.  
Cat.: Palacios: *Colección*, doc. 334, páx. 212.  
Cit.: Torres: *Crónica*, I, páx. 391.
- 46.- 1280, setembro  
Frei Xoán, comendador dos bens que posúe a orde de Alcántara en Galiza, merca a Pedro Yáñez, veciño de Porigol, as súas propiedades en “Viade”.  
Cat.: Palacios: *Colección*, doc. 346, páx. 222.  
Cit.: Torres: *Crónica*, I, páx. 402.
- 47.- 1280  
A orde de Alcántara entrega a don Gonzalo Morán e á súa muller Elvira Rodríguez todo o que ten en Valdesandinas, agás o portádego.  
Pub.: Concepción Casado Lobato: *Colección diplomática del monasterio de Carrizo*, León, 1983, vol. II, doc. 498, páx. 149.  
Cit.: Novoa: *La Orden*, páx. 135.
- 48.- 1285, setembro, 13. Sevilla  
Sancho IV ordena aos meiriños, pertigueiros, xuíces e alcaldes de Galiza que protexan os bens da orde de Alcántara e impidan que, por eles, lles sexa demandada contribución algunha con destino á defensa do reino contra dos musulmáns.  
Pub.: Palacios: *Colección*, doc. 365, páxs. 237-239.  
Cit.: Torres: *Crónica*, I, p. 421 (con data 12-9-1285); Novoa: *La Orden*, páx. 135.  
Don Sancho, por la gracia de Dios, rey de Castilla, de León, de Toledo, de Gallizia de Seuilla, de Cordoua, de Murcia, de Jaén e del Algarve.  
A los vezinos e a los pertigueros, e a los juezes e a los alcaldes de tierra de Galicia, salud y gracia.  
El maestro de Alcántara, por si e por su orden, se me querelló de los ricos omes e de los caualleros que tienen las tierras de mi, que demandan a los sus serviciales jugada en razón de hueste por los casares de la orden que la han. E diz que la non deuen dar pues ello vienen conmigo en la hueste quando la io ffigo cante los reros e que les demandan carga de ceuada e gallinas que nunca dieron ni deuen dar. E otrosi se me querelló de caualleros e de los otros omes que nos diran lo que dieron casas y heredades de la orden que tuviesen por en sus días. E a so finamiento ouieron las de dar a la orden con algo de lo suyo, según la postura que con cada uno fizieran. E quando finaron los fijos e los herederos de los tomaron, las casas e las heredades de la orden e non se las quieren dexar, ni darles aquello que los padres prometieron. E otrosi se me querelló de omes que nos diran que las tienen sus heredades por farcia e non ge las quieren, nin pueden auer derecho de los. Otrosi se me querelló de caualleros que vos diran que les quebrantan sus cotos e sus heredades que han cotadas de los reyes que fueron ante, por sus priuilegios que tienen e por sus marcos que mandan tener cargando los caualleros en el es tomnando por farcia, ellos, sus omes que y meran la vida y la ceuada e cargas, que los vasallos que non deuen y auen. E otrosi me dixeran que algunos comendadores de orden dieron heredades a fuero a cirtos omes de la tierra, que las labrasen. E estos tomase de los caualleros e por esta razón pierde la orden los fueros e los derechos que les deuen a dar de las heredades.  
